

**DIAGNÓSTICO SOCIOECONÓMICO
DO CONCELLO DE
SOUTOMAIOR**

Febreiro de 2006

INDICE

1.	INTRODUCCIÓN	4
1.1.	Metodoloxía	4
1.2.	Apuntamento histórico	5
2.	ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO	7
2.1.	Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra	7
2.2.	Estrutura parroquial.....	8
2.3.	Entidades de poboación	9
3.	RECURSOS NATURAIS	9
3.1.	Solo	9
3.2.	Características climáticas	11
A)	Precipitacións	11
B)	Temperaturas	12
C)	Amplitude térmica	12
3.3.	Vexetación.....	13
3.4.	Relevo	14
3.5.	Ríos	15
3.6.	3.6 Zonas de interese natural	16
4.	RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO	18
4.1.	Patrimonio histórico e arqueolóxico.....	18
4.2.	Patrimonio arquitectónico	19
4.3.	Patrimonio etnográfico	20
4.4.	Recursos turísticos.....	22
5.	ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	26
5.1.	Planeamento urbanístico vixente	26
5.2.	Infraestruturas de comunicación.....	26
5.3.	Centros educativos	27
5.4.	Servizos sociais.....	28
6.	POBOACION E VIVENDA.	29
6.1.	Efectivos poboacionais e evolución demográfica.....	30
A)	Poboación segundo sexo e distribución parroquial.....	30
B)	Densidade demográfica.....	31
C)	Poboación segundo lugar de nacemento e residencia	31
D)	Poboación segundo nacionalidade	32
E)	Evolución demográfica.....	34
6.2.	Estrutura da poboación	35
A)	Pirámide de poboación	35
B)	Distribución da poboación por grandes grupos de idade	36
C)	Idade media da poboación	37
D)	Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil	38
E)	Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento	39
6.3.	Movemento natural da poboación.....	40



A) Nacementos, casamentos e defuncións.....	40
B) Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade.....	41
C) Saldo vexetativo	43
6.4. Movementos migratorios.	43
A) Emigración.....	44
B) Inmigración	45
C) Saldo migratorio	48
6.5. Nivel de formación da poboación.	50
A) Nivel de estudos da poboación	51
B) Taxa de analfabetismo	52
C) Tipo de estudos da poboación	53
D) Lugar de Estudo da poboación.....	54
E) Educación non universitaria	55
6.6. Vivenda.....	55
A) Tipo de vivenda	56
B) Réxime de tenza da vivenda.....	56
C) Principais problemas da vivenda e do contorno	57
D) Residentes e tamaño medio da vivenda	57
7. MERCADO DE TRABALLO	58
7.1. Actividade	60
7.2. Ocupación.....	62
7.3. Desemprego	68
7.4. Promoción do Emprego	73
A) Actividades desenvolvidas en relación as políticas activas de emprego.....	73
B) Axudas e subvencións para a creación de emprego.....	74
C) Accións de desenvolvemento rural	75
8. ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS.....	76
8.1. Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento	76
A) Nivel de renda	77
B) Outros parámetros de desenvolvemento	78
8.2. Sectores produtivos e actividade económica	81
A) Sector primario	83
B) Sector secundario	85
8.3. Análise dunha actividade económica de Soutomaior: as empresas de restauración.....	93
9. TERCEIRO SECTOR	94
10. DAFO XERAL DE SOUTOMAIOR.....	95
11. PROPOSTAS E ACTUACIÓNS	98



1. INTRODUCCIÓN

1.1. Metodoloxía

O presente documento de traballo inclúese dentro da medida “Desenvolvemento do territorio” que integra o actual proxecto de UPD. O obxectivo desta medida é poder implantar estratexias e proxectos que traten de potenciar aspectos específicos e xerais dun territorio. As accións relacionadas con esta medida están dirixidas a obtención de información, investigación e análise do contorno de cara a definición de proxectos.

Este traballo é unha desas accións e ten como obxectivo servir de instrumento que fundamente calquera estratexia de actuación no territorio e tomar decisións en materia de desenvolvemento e emprego a raíz da análise pormenorizada do espazo socioxeográfico. Para acadalo definiuse a realización dunha Análise e Diagnóstico do Territorio (no sucesivo, ADT) de cada un dos concellos da MAIV, nos que a través de diferentes fases se obteña unha visión o máis axustada posible sobre as potencialidades do territorio, e neste caso, do concello de Soutomaior.

A través das seguintes páxinas descríbense os resultados da primeira das fases do diagnóstico que se inclúen nos ADT, correspondente co inventario de recursos e elementos valorizables existentes no concello. Esta é unha análise detallada do territorio a través dos elementos que integran o sistema social, cultural, natural, e económico, permitindo ver os usos que del se fan.

A sistematización da información agrúpase en 10 temáticas, que inclúen una serie de indicadores. As 10 áreas nas que agrupamos a información son:

- ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO
- RECURSOS NATURAIS
- RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO
- ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS
- POBOACIÓN E VIVENDA
- MERCADO DO TRABALLO
- ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS. ANÁLISE DUNHA ACTIVIDADE ECONÓMICA CARACTERÍSTICA DO CONCELLO
- TERCEIRO SECTOR
- ANÁLISE DAFO
- PROPOSTAS DE DESENVOLVEMENTO E ACTUACIÓNS NO EIDO DO EMPREGO

Os datos obtivéronse do Instituto Galego de Estatística (IGE), do Instituto Nacional de Estadística (INE), de diversas fontes públicas e privadas e do propio concello de Soutomaior. A partir desa información, creáronse bases de datos e obtivéronse indicadores que facilitan o coñecemento do territorio no seu conxunto. Así mesmo a análise complementábase coa comparación dos datos obtidos



para Soutomaior cos da AMV, Pontevedra e Galicia, de xeito que se comprenda mellor a evolución histórica, o momento actual e o futuro do concello.

A segunda fase do presente ADT, consistirá nunha análise cualitativa a partir da consulta aos técnicos dos concellos e doutras persoas representantes do territorio nos seus diferentes ámbitos. O obxectivo é ampliar a información existente nas fontes consultadas e sistematizada neste documento coas percepcións dos axentes socioeconómicos que actúan no territorio. Para acadar esa información, deseñaranse ferramentas para a recollida de datos, dirixidas ás persoas que se identifiquen relevantes para a análise.

O inventario de recursos complementábase cunha análise DAFO e cunha primeira achega de propostas de desenvolvemento e actuacións concretas no ámbito do emprego.

Por último, e para completar o ADT do concello de Soutomaior, os axentes implicados no seu desenvolvemento, revisarán o traballo realizado, de xeito que, ao incorporar as súas achegas ao documento e baseándose no seu coñecemento e implicación co territorio, as propostas e conclusións obtidas resulten máis axustadas realidade do concello.

1.2. Apuntamento histórico

Os abundantes restos arqueolóxicos remítenos a un poboamento moi antigo, aínda que foi na Idade Media cando o concello logrou o renome. Así, a maior parte da súa historia xira ao redor do castelo e á familia dos Soutomaior.

Descoñécense as orixes do castelo e a cronoloxía exacta de súa construción, pero a súa fundación hai que vinculala a Don Pax Méndez Sorrede, que viviu en tempos de Alfonso VII (1126-1157) e de Don Fernando de León (1157-1188), e que foi o primeiro en utilizar o apelido Soutomaior. Segundo documentación escrita, este "poboou o seu Souto chamándolle o Maior". A familia Soutomaior sería unha das liñaxes que participaría na Baixa Idade Media nos acontecementos políticos cruciais da historia de Galicia, caso dos enfrontamentos co clero, con participación tamén na revolta Irmandiña de 1467 e nos problemas sucesorios de Enrique IV de Castela. Isto significa que a Casa Soutomaior era un potente bastión de nobreza e poder. Entre os membros máis célebres desta familia aparecen Pax Gómez de Soutomaior, pola súa pericia política, ou Pedro de Soutomaior, o máis nomeado membro desa estirpe, coñecido como Pedro Madruga, conde de Camiña, que pasou á historia como personaxe cargado de misterio e lenda.

Tamén é de destacar o importante papel opositor que desenvolveron os habitantes deste concello contra o invasor francés na Guerra da Independencia, sendo un dos feitos cruciais a batalla de Pontesampaio, na que o exercito galego venceu ao francés, provocando a súa retirada de Galicia.



No Antigo Réxime as parroquias atopábanse baixo o señorío do duque de Soutomaior e do arcebispo de Santiago, e no século XIX Arcade e Soutomaior eran concellos independentes ata que no ano 1836 se fusionaron no de Soutomaior. Como anecdótico indicar que entre os anos 1847 e 1854 a capital municipal trasladouse a Fornelos de Montes, que por entón formaba parte do concello de Soutomaior ata o ano 1870, que se segregou para formar concello propio. Dende esa data non houbo modificacións na estrutura territorial do concello.



2. ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO



2.1. Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra

O concello de Soutomaior localízase no suroeste da Comunidade Autónoma de Galicia entre as coordenadas xeográficas 42° 22' 11'' Norte, 42° 18' 29'' Sur, 8° 29' 13'' Leste e 8° 31' 10'' Oeste.

Administrativamente pertence á provincia de Pontevedra, situándose no centro-Oeste da mesma, no fondo da ría de Vigo. Pertence ao Partido Xudicial de Redondela e á Diocese de Vigo-Tui (Arciprestado de Redondela).

Limita ao Norte cos concellos de Pontevedra e Ponte Caldelas, ao Sur cos de Redondela e Pazos de Borbén, ao Leste con Fornelos de Montes e Mondariz e ao Oeste coa Ría de Vigo.

A súa superficie é de 25 km² ao longo da que se reparten só dúas parroquias na que se distribúen un total de dezaseis entidades menores de poboamento, nas que residen 5.781 habitantes de feito, o que da unha densidade de 231,24 hab./km².



O concello sitúase ao Norte da Área Metropolitana viguesa, nunha zona de transición entre a ría de Vigo e a serra do Suído, presentando altitudes que van dende o nivel do mar, no O., ata altitudes que superan os 430 m. nos extremos N. e S. do concello, destacando os pouco máis de 480 metros que se acadan ao N.



2.2. Estrutura parroquial



A superficie do concello de Soutomaior divídese en tan so dúas parroquias que albergan un total de dezaseis entidades menores de poboación. Segundo a extensión que presentan, a parroquia máis grande é a de San Salvador de Soutomaior, con preto de 22 km², na que se asentan un total de doce núcleos de poboación. A outra é a de Santiago de Arcade con catro entidades de poboación.

As características do relevo déixanse notar na localización dos asentamentos de poboación ao longo de toda a parte central do municipio, transcorrendo paralelos ás vertentes do val que conforma o río Oitavén, que presenta unha


dirección L.-O.

A pesares de que a parroquia de Arcade é a que presenta unha menor extensión, a súa localización á beira da ría de Vigo, así como a presenza dun relevo máis suave, favoreceu un maior asentamento da poboación nesta parroquia. Así, dos 5.781 habitantes, 3.369 viven nesta parroquia de pouco máis de 3 km², o que da unha densidade de preto de 1.050 hab./km². Das catro entidades que se localizan nesta parroquia, en tres delas son nas que se concentra un maior número de habitantes, destacando o lugar de A Calle con 2.003 residentes, seguido de Xesteira con 600 e A Devesa 551.

A parroquia de Soutomaior presenta unha maior superficie e maior número de entidades de poboación, aínda que o seu número de habitantes é menor que na de Arcade, 2.412, dando como resultado unha densidade demográfica de 102,5 hab./km².



2.3. Entidades de poboación




A práctica totalidade dos núcleos de poboamento, agás o de Comboa, aséntanse na marxe Sur do río Oitavén, onde a pendente que presenta o val é menos acusada que no Norte. Os núcleos máis poboados localízanse no O. do concello na parroquia de Arcade, favorecidos non só por un terreo con pouca pendente, senón tamén pola presenza de vías de comunicación importantes, como a N-550 ou a vía férrea, así como a proximidade ao mar. Destaca o lugar de A Calle onde se concentran arredor de 2.000 residentes, seguidos de Xesteira e A Devesa. Seguen en importancia os núcleos de Comboa, Aranza e Lourido na parroquia de Soutomaior.

A práctica totalidade dos núcleos menos poboados localízanse na parroquia de Soutomaior, a excepción do de Arcade de Riba. A característica común a todos eles é que se localizan en lugares onde a pendente é moi elevada, dificultando a súa localización inicial así como a súa expansión e comunicación co resto do territorio. De entre todos eles Córteñas é o núcleo menos poboado con menos de 80 habitantes, seguido de O Sobral, A Montesña, O Val, que non superan os 130, e Arcade de Riba con 187.

3. RECURSOS NATURAIS

3.1. Solo



A meirande parte do concello de Soutomaior é ocupado por un solo con dominio dos granitoides de dúas micas, material cunha composición semellante a do granito que se caracteriza pola fácil exfoliación en láminas delgadas e flexibles. Todo o extremo surleste do concello é atravesado por unha franxa de lousa, xistos, pedras de gra, rochas calcarias, ampelitas e liditas, cunha dirección NO.-SO. Esta pequena superficie de terreo forma parte do chamado Complexo Cabo D'Home-A Lanzada, que se caracteriza polo predominio dos xistos micáceos e dos paragneises.




En xeral, o concello está situado dentro dun contexto litolóxico dominado polas rochas ígneas con predominio do granito de dúas micas, materiais que na súa formación sufriron, cando menos, un proceso metamórfico e dúas deformacións que variaron o proceso orixinal da rocha.

No que se refire aos usos do solo, a maior parte da superficie do concello de Soutomaior é ocupada por formacións boscosas mixtas de eucaliptos e piñeiros, así como por superficies dedicadas a viñedos en maioría e cultivos anuais. Os bosques mixtos, que ocupan a maior extensión no concello, localízanse preferentemente na metade L. do concello nas zonas onde o relevo presenta a súa máxima pendente e altitude, mentres que os espazos dedicados a viñedos en maioría e cultivos anuais ocupan a metade O. do territorio, na marxe S. do río Oitavén, aproveitando a suavidade e amplitude que o val presenta cara esta zona para expandirse así como os vales dos distintos afluentes.

Seguen en importancia, aínda que cunha superficie moi inferior, os solos ocupados por mato pasteiro, que se localizan nas vertentes con altitudes comprendidas entre os 200 e os 400 m. A superficie de mato con especies madeireiras é a que segue en importancia, localizándose nas ribeiras dos cursos fluviais, principalmente do Oitavén, así como no extremo O. do concello.

Unha superficie menor ocupan o mato pasteiro con rocha, que se atopa no puntos máis elevados do concello onde altitudes superan os 400 m.; os bosques mixtos de caducifolias e piñeiros no O., ou a superficie dedicada a mato no SL..



Destaca a extensión que ocupa o solo ocupado polos núcleos de poboación, sendo de especial relevancia o existente no O. do concello, na parroquia de Arcade onde a concentración demográfica levou a unha expansión dos núcleos orixinais e a súa unión, destacando o lugar de A Calle como o máis poboado. Do mesmo xeito, tamén se distinguen tres pequenas zonas onde predomina a concentración industrial, comercial ou de servizos é a ocupación principal, localizándose unha no O. da parroquia de Arcade e dúas no L. da de Soutomaior.

As especies autóctonas apenas teñen presenza importante dentro deste espazo, non habendo ningunha superficie dedicada soamente a carballeiras ou a soutos, estando estas especies asociadas a outras de crecemento rápido como os piñeiros.




3.2. Características climáticas

A localización xeográfica de Soutomaior limitando coa ría de Vigo polo O. fai que dispoña dun dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival. As temperaturas son suaves durante todo o ano cunha media xeral que supera os 15°C, mentres que as precipitacións tamén son frecuentes e abondosas ao longo do ano, agás nos meses de verán, cun total que oscila entre os 1.200 e os 1.600 mm. Destaca a parte central do concello, correspondente ao val do río Oitavén como a zona cun clima beneficioso.

A) Precipitacións

A localización xeográfica e as características topográficas do concello de Soutomaior provocan que as precipitacións sexan frecuentes e abondosas ao longo do ano cun total de auga de choiva recollida que rolda os 1.200-1.400 mm., cuns máximos que poden acadar os 1.600 mm. no S. do concello. A orientación L.-O. do val do río Oitavén favorece a entrada cara o interior das masas de aire húmidas procedentes do Océano Atlántico, aumentando a humidade e as precipitacións a medida que ascenden cara os seus rebordos, sendo moi abondosas no extremo N. Deste xeito, as características topográficas eríxese como determinantes en canto ao volume de precipitacións se refire, aumentando o volume das mesmas a medida que o terreo ascende en altitude, namentres que no entorno do vales dos ríos Oitavén e Pequeno a auga de choiva recollida é inferior.



Na parte central do concello o total de precipitacións recollidas non chega a acadar os 1.400 mm. ao ano, favorecido pola presenza dos vales dos ríos Oitavén, cunha dirección L.-O., e Pequeno no L. do concello cunha dirección S.-N., recolléndose esta cantidade de auga nunha franxa que vai dende a altitude do nivel do mar ata os 200 m aproximadamente. Cara os rebordos destes vales e en altitudes comprendidas entre os 200 e 400 m., a cantidade de auga de choiva recollida aumenta ata achegarse aos 1.600 mm. Unicamente nun pequeno sector no extremo N. do concello, onde a altitude supera os 400 m., se poden chegar a acadar os 1.800 mm. de precipitación.

Por estacións, a época de maior pluviosidade é a de primavera, na que se recollen entre 400 e 500 mm., seguida do inverno con 300-400 mm., namentres que o verán é a estación na que se recolle unha menor cantidade de auga, onde apenas se chega os 200 mm. Por meses, os de novembro, decembro e xaneiro son nos que se producen as maiores precipitacións, namentres que nos meses




de xuño, xullo e agosto, son nos que se recolle menos cantidade de auga de choiva, resaltando o déficit hídrico que sofre o concello en xeral no mes de xullo.

B) Temperaturas

A temperatura media do concello de Soutomaior, ao igual que ocorre coas precipitacións, vense afectadas pola progresiva elevación do relevo cara o N. e S. do concello. Así, o valor desta vai descendendo a medida que aumenta a elevación do terreo.


A temperatura media anual da maior parte do concello está por riba dos 15°C, aínda que sofre leves variacións en función das características do relevo. Así, nos extremos N. e S., así como no L., a temperatura media baixa lixeiramente, sendo esta de entre 14 e 15 °C. O factor principal deste descenso é a elevación do relevo, así como a súa pendente, coincidindo estas zonas coas máximas altitudes do concello.



Por estacións, o verán é a época que presenta unha temperatura media máis elevada superando os 20°C., seguido da primavera cunha media que rolda os 18. Pola contra, o inverno e o outono son as que presentan as temperaturas máis baixas, rolando estas entre os 9°C e os 14°C respectivamente. Os meses máis calorosos son os comprendidos entre xuño e setembro, ambos incluídos, superándose nos dous meses centrais os 20°C. O mes máis frío é o de xaneiro, onde apenas se superan os 6°C, seguido dos de febreiro con preto de 8°C e decembro con pouco máis de 8°C.

C) Amplitude térmica

A amplitude térmica anual indica a diferenza existente entre a temperatura media máxima e a temperatura media mínima acadada ao longo dun ano. As características do terreo eríxense como factores primordiais á hora de avaliar os contrastes de temperatura, xa que é un dos principais factores que incide no aumento ou descenso da oscilación



térmica segundo o lugar do concello no que nos atopemos.

Tal e como se pode apreciar no mapa, as partes máis elevadas do concello son nas que se presenta un contraste máis elevado entre as temperaturas máximas e mínimas.


Así, no conxunto do concello a amplitude térmica é de entre 12,5-13,5°C, agás nos puntos máis elevados situado nos extremos N. e S. do concello, en altitudes que superan os 400 m, así como no L., a partir dos 250 m., onde esta aumenta ata acadar os 13,5-14,5°C.

3.3. Vexetación

A superficie de bosque que presenta o concello de Soutomaior é de menos de 0,5 hectáreas por habitante. Por todo, o mapa de formacións forestais dominantes do concello amosa un complexo mosaico vexetal no que aparecen representadas as seguintes especies.

No conxunto do territorio destaca a maior extensión que ocupan o solo de uso agrícola e o eucalipto (*Eucalyptus globulus*), chegando a abarcar máis da metade da superficie do concello. No caso do solo dedicado á agricultura, este ocupa toda a franxa central do concello, localizándose maioritariamente ao S. do río Oitavén onde a pendente do terreo é máis suave. Pola contra, a superficie ocupada polos eucaliptos localízase no N. e SL. do concello, así como nunha pequena franxa no centro O., en zonas de pendente máis acusada.

Seguen en importancia os bosques mixtos de piñeiros, eucaliptos e carballos, que se atopan repartidos por todo o espazo, atopándoseos con máis frecuencia na metade S. Tamén destacan as zonas de monte desarborado, que se localizan na zona N. do concello e ocupan pequenas extensións na zona S., aparecendo en altitudes de entre 150 e 250 m.



A superficie que ocupa o Piñeiro (*Pinus pinaster*) apenas ten importancia, estando asociado a outras especies. Aparece en solitario en extensións moi reducidas, ocupando o que antes eran zonas de cultivo ou prados, aparecendo tamén ocupando unha pequena superficie no val do Oitavén.

A presenza do río Verdugo, que atravesa o concello cunha dirección NL.-SO.-O., e o Oitavén, cunha dirección L.-O., favorecen a existencia de bosques con vexetación de ribeira que transcorren paralelos ao curso fluvial, destacando as extensións que estes presentan no extremo L. do



concello.

No que se refire ás especies autóctonas, a existencia de bosques autóctonos exclusivos é moi escasa, aparecendo estes en pequenos redutos dispersos polo concello, primando a asociación destas especies con outras foráneas. Aparecen pequenas carballeiras de *Quercus robur* na metade S. do concello, agás a existente no extremo L. que ocupa unha superficie considerable. A presenza de bosques mixtos de carballeiras e especies foráneas ao lado dos bosques ocupados soamente por carballos, indica claramente a perda de superficie que esta especie está a experimentar en beneficio das de crecemento rápido, que van gañando terreo de maneira paulatina.

O castiñeiro (*Castanea sativa*) é outra das árbores que podemos atopar en Soutomaior, asociado a súa presenza a outras especies frondosas. As únicas extensións de castiñeiros localízanse no O. municipal, no val que conforma o rego Pequeno.

Extensión menores ocupan as zonas dedicadas a auga e brañas, destacando a que o río Verdugo presenta na súa entrada o concello polo NL., así como as de uso improdutivo, onde priman as actividades económicas e as vivendas, estando espalladas polo concello de entre as que destacan os núcleos de A Devesa en Arcade e a vertente L. do val do río Pequeno, na súa desembocadura no lugar de Aranza.

A nivel xeral, a vexetación do concello de Soutomaior está composta principalmente por especies foráneas de crecemento rápido que se atopan espalladas por todo o concello. As especies autóctonas como os carballos e os castiñeiros ocupan unha superficie moi pequena, destacando a súa presenza na metade SL. do concello. Tamén é importante a superficie ocupada polos árbores de ribeira, vinculados a presenza dos dous principais cursos fluviais, o Verdugo e o Oitavén.


3.4. Relevo

O concello de Soutomaior localízase nun área de transición entre e ría de Vigo e o pé da serra do Suído.

O relevo divídese en dous sectores, un sector con formas suaves e chairas que se corresponde coa zona litoral no O. e co val do río Verdugo. O outro sector correspóndese co interior, onde o terreo aparece máis crebado e cunhas elevacións maiores cortado polo río Verdugo.

Os vales dos ríos Verdugo e Oitavén son os que articulan todo o territorio, erguéndose o relevo cara os seus rebordos ata acadar altitudes próximas aos 500 m. nos extremos N. e S. do municipio. Do mesmo xeito, tamén se produce unha gradación ascendente do relevo de O. a L.





Os puntos máis elevados localízanse ao N. da parroquia de Soutomaior acadando os 489 no chamado Couto da Fonte Laxe e os 476 no Couto Agudo. Polo S. o punto máis elevado acada os 475 no chamado Monzón e os 443 no Alto de Laixal. No l. destaca os 373 m. do Outiño de Ares.


Os vales dos ríos Verdugo-Oitavén e Pequeno presentan características diferentes. O primeiro conforma un val amplo, aberto e disimétrico, cunha orientación L.-O. A altitude do relevo vai aumentando cara os seus rebordos presentando o fondo de val unha pendente suave cara o S. que cara o N. Pola contra o val que conforma o río

Pequeno é pechado e simétrico, presentando unha orientación S.-N. ata desembocar no do río Verdugo. A altitude do relevo aumenta de forma gradual cara os rebordos do río, presentando unha pendente moi acusada na metade da vertente entre os 125 e 200 m.

A parroquia que presenta maiores contrastes é a de Soutomaior, xa que nela é onde se localizan as maiores cotas de altitude e pendentes, así como os vales dos principais cursos fluviais. Pola contra, na parroquia de Arcade o terreo é onde presenta unha maior chaira, aproveitándose para localizar as principais vías de comunicación así como as zonas de maior actividade comercial e humana. O extremo O. desta parroquia atópase bañada polas augas da ría de Vigo.

3.5. Ríos

A rede hidrográfica do concello de Soutomaior está articulada pola cunca fluvial dos ríos Oitavén e Verdugo, á que van verter todos os pequenos cursos fluviais que drenan as terras deste municipio. Presenta unha dirección L.-O. vertendo as súas augas directamente á ría de Vigo. O río Oitavén entra no concello procedente de Fornelos de Montes, presentando unha dirección L.-O. ata desembocar no Verdugo, e exercendo de límite natural co concello Ponte Caldelas polo N. O Verdugo entra en Soutomaior polo N., procedente de Ponte Caldelas cunha dirección NL.-SO. para posteriormente modificar a súa dirección de O. a L. ata verter as súas augas



á ría de Vigo. No seu último tramo, exerce de límite natural co concello de Pontevedra.

O resto dos cursos fluviais que regan o concello teñen as súas propias fontes neste mesmo territorio, presentando na súa práctica totalidade unha dirección N.-S.

A zona centro-Leste do concello é na que se localizan un maior número de cursos fluviais, xa que é onde existen as maiores altitudes e pendentas, que xunto coa existencia das fontes naturais, favorecen o creación de pequenos cursos de auga que alimentan aos ríos principais. Pola contra, a zona O., cun relevo máis aplanado, soamente recolle o paso do Verdugo pola súa zona N. ata desembocar na ría de Vigo.

3.6.3.6 Zonas de interese natural


No concello de Soutomaior apenas existen espazos de interese natural. Unicamente podemos atopar a enseada de San Simón, que conforma o fondo da Ría de Vigo.

A enseada de San Simón non afecta só ao concello de Soutomaior, senón que tamén pertence aos de Redondela, Vilaboa, Moaña e Pontevedra. Ocupa unha superficie de 2.218 hectáreas. e atópase integrado dentro dos Espazos naturais en Réxime de Protección Xeral (Propostos para a Rede Natura 2000 para seren declarados LUGARES DE IMPORTANCIA COMUNITARIA (LIC) e posteriormente ZONAS ESPECIAIS DE CONSERVACIÓN (ZEC).

A enseada está incluída dentro da Rexión Bioclimática Atlántica, presentando unha altitude media de 1 metro. Conforma unha gran chaira intermareal dominado por superficies lamacento-areeiras cubertas por praderías de algas. Na época invernal chegan unha importante número de aves, destacando a poboación de anátidas nun número aproximado de 3.500, así como unha boa presenza de limícolas durante os pasos migratorios.

O seu hábitat está composto por chairas lamacentas ou areosas, que en marea baixa non están anegadas de auga, cubertas por vexetación típica destas zonas todo o ano, destacando a presenza de *Salicornia*, entre todas as especies. Tamén son frecuentes a presenza de pasteiros de *Spartina* (*Spartinion maritimi*), pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*), Uceiras secas europeas e bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e freixos de río (*Fraxinus excelsior*), xunto con *Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*.





Respecto á fauna, a abundancia de invertebrados e de plantas e algas mariñas constitúe unha fonte alimenticia de primeira orde para as aves acuáticas, que teñen na enseada unha das principais áreas de invernada en Galicia, especialmente para o grupo das anátidas. Podemos atopar especies como o pato asubión (*Anas penelope*), o alavanco real (*Anas platyrhynchos*), a garza real (*Ardea cinerea*), o parrulo chupón (*Aythya ferina*), o pilro curlibico (*Calidris alpina*), o garzota (*Egretta garzetta*), a agulla colipinta (*Limosa lapponica*), o corvo mariño real (*Phalacrocorax carbo*) e a Píllara cincenta (*Pluvialis squatarola*). Ás veces, no interior da ría se poden apreciar cetáceos como o Arroaz Real (*Tursiops truncatus*). Entre os mamíferos é de salientar a presenza da lontra (*Lutra lutra*).

Así mesmo, Enseada de San Simón é un ecosistema de alta produtividade marisqueira destacando especies como as Ostras (*Ostrea edulis*), os berberechos (*Cerastoderma sp*), a ameixa fina (*Venerupis decussata*) e a cadela (*Scrobicularia plana*).

As zonas con presenza de auga doce presentan bosques de ribeira dominadas por amieiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*). Cara ao bordo da enseada gran parte da vexetación está formada por xuncos (*Juncus spp.* e *Scirpus spp.*), carrizas (*Phragmites australis*) e canaveiras (*Arundo donax*).



Dentro dos concello tamén se poderían resaltar outros espazos de especial interese natural que non aparecen protexidos por ningunha figura legislativa específica nin polo planeamento urbanístico vixente pero que de igual modo presentan un importante valor ecolóxico e ambiental. De entre eles destacan a vexetación de ribeira que se forma ao longo dos curso dos ríos Oitavén e Verdugo, os soutos no val do río Pequeno e as carballeiras do Verdugo. A conservación deste tipo de bosques, pouco frecuentes no conxunto do concello, así como a progresiva destrución que están a sufrir en favor das plantacións de especies de crecemento rápido, supoñen un motivo especial para a súa protección. Non so conforman a vexetación clímax do concello senón que tamén axudan á manter a riqueza dos solos e a conservar a flora e fauna característica destas zonas, contribuíndo ao mantemento do legado cultural e etnográfico que encerran.

4. RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO

4.1. Patrimonio histórico e arqueolóxico

A historia do concello de Soutomaior está moi vencellada ao seu castelo, declarada Ben de Interese Cultural (BIC) no ano 1995. O castelo de Soutomaior data do século XI, pero viviu o seu máximo esplendor no século XV, cando as Guerras Irmandiñas, baixo o dominio de Pedro Álvarez de Soutomaior, tamén coñecido como Pedro Madruga.

A abundancia de restos arqueolóxicos indican que no concello houbo poboamento dende moi antigo, aínda que foi a partires da Idade Media cando o municipio comezou a coller renome grazas á presenza do Castelo e á historia que o rodea.

No Antigo Réxime as parroquias atopábanse baixo o señorío do duque de Soutomaior e do arcebispo de Santiago, e no século XIX Arcade e Soutomaior eran concellos independentes ata que no ano 1836 se fusionaron no de Soutomaior. Como anecdótico indicar que entre os anos 1847 e 1854 a capital municipal trasladouse a Fornelos de Montes, que por entón formaba parte do concello de Soutomaior ata o ano 1870, que se segregou para formar concello propio.

O castelo de Soutomaior ubícase sobre un pequeno outeiro no monte Viso. A construción orixinaria data do século XII, transformándose no S. XV nunha importante construción medieval destruída tras a Revolución Irmandiña. No século XIX o marqués de la Vega e de Armijo engadiulle unha parte neogótica coñecida como “Galería das Damas” e transformou o castelo nunha residencia de verán. No ano 1909 engadiuselle á fortaleza un sanatorio externo. Posteriormente, o Castelo foi vendido nunha subasta pública pasando a ser propiedade da Deputación de Pontevedra.

O edificio presenta un conxunto amurallado que foi restaurado e unha ponte levadiza que da acceso ao recinto. Na porta de entrada, na parte alta, atópase o escudo da casa ducal, unha fermosa galería gótica de columnas na que se pode desfrutar dunha fermosa vista do val e uns xardíns con




numerosas e variadas especies florais. No interior, os muros son grosos e de pedra, presentando numerosas salas habilitadas como recintos culturais

4.2. Patrimonio arquitectónico

Cando nos referimos a patrimonio queremos dicir bens de tipo relixioso (capelas, igrexas, mosteiros, catedrais e santuarios), patrimonio civil (casas grandes, pazos, faros, murallas, castelos, torres, pontes...), e de patrimonio popular (cruceiros, dolmens, pallozas, petos, xacementos, fontes, etc.).

No que se refire ao concello de Soutomaior, as características físicas e o relevo condicionaron inicialmente a presenza de patrimonio arquitectónico popular. A presenza de ríos caudalosos como o Oitavén e o Verdugo favoreceu a construción nas súas marxes de muíños de auga, que no seu día convertían se usaban para converter en fariña os grans de cereais e que na actualidade se atopan practicamente en desuso.



A existencia de ríos de gran caudal de cuncas fluviais resulta beneficioso para o desenvolvemento dun concello, pero tamén pode resultar prexudicial en canto á fragmentación do territorio se refire. Co fin de salvar o paso dos ríos, o home deixou a súa pegada neste concello coa construción de pontes de pedra, material básico e de primeira man que estaba ao alcance de toda a poboación. As características dos ríos fan que existan importantes pontes de pedra que axudaban a comunicar este concello cos veciños, destacando a Ponte medieval de Sampaio en Arcade, coñecida pola importante batalla que logrou derrotar e expulsar de Galicia ao exército

invasor francés. Tamén teñen especial importancia a ponte de Aranza, así como a ponte medieval de Comboa e a ponte colgante sobre o río Verdugo, baixo á que se situou unha fermosa praia fluvial, todas elas na parroquia de Soutomaior.

No referido ás edificacións de tipo civil, destaca a existencia dunha casa grande na parroquia de Soutomaior coñecida como Casa da Pedreira.

Dentro dos edificios de carácter militar atópase o castelo de Soutomaior, mentres que o patrimonio de tipo relixioso tamén é escaso, destacando a capela da Virxe da Pena de Francia en Aranza e a ermida da Peneda, situada no cumio do monte coñecido como Castro da Peneda a 326 metros de altitude. Tamén atopamos as igrexas parroquiais de Santiago de Arcade, que posúe unha interesante



portada románica dos séculos XII e XIII e capiteis historiados, e a de San Salvador de Soutomaior da época barroca.

En conxunto, destaca a presenza de patrimonio civil, sobre todo vinculados á presenza de cursos de auga como son os muíños e as pontes. As construcións de carácter relixioso son escasas, existindo un total de catro edificios, dúas igrexas, unha ermida e unha capela.

Por parroquias, destaca a presenza de elementos arquitectónicos na de Soutomaior debido, en parte, á súa maior extensión, destacando a figura emerxente do castelo sobre o resto do patrimonio, mentres que na de Arcade soamente destaca a presenza da súa igrexa parroquial e da Ponte Sampaio.

4.3. Patrimonio etnográfico

O patrimonio etnográfico conforma un conxunto de elementos, materiais e inmateriais, produto da actividade que o ser humano desenvolve dentro dun territorio nun tempo determinado. A presenza deste tipo de patrimonio é escasa, estando influenciada pola presenza de elementos relixiosos.

A presenza deste tipo de elemento aparece concentrada en determinados puntos do territorio, destacando a presenza de dous petos de ánimas como símbolo de culto aos mortos. Un atopámolo en Arcade no lugar de Xesteira, na Rúa Cacharela. Presenta un estado de conservación bastante precario caracterizándose por ser de tipo cerrado con unha mesa que sobresa, hornacina grande case rectangular lixeiramente arqueada na súa parte superior e coroada; e outro no lugar de Alxán en Soutomaior dedicado ao Cristo da Agonía. Este tamén é de tipo cerrado en forma de capela con porta de ferro e coroado por pináculos. No interior aparece o Santo Cristo da Agonía, de grandes dimensións, policromado. Aparece enmarcado entre dúas columnas rematadas en pináculos. É de pedra policromada e o retablo das ánimas atópase por debaixo del, presidido por San Francisco. Aos lados sitúanse dous anxos dos que tan só se representan as ás e as cabezas.

Entre os aspectos etnográficos non materiais débense destacar as festas e romarías que se celebran en ambas as dúas parroquias, así como as peculiaridades culinarias. Existe un elevado número de celebracións no concello entre festas populares e romarías, sen embargo de entre todas elas destaca a Festa da Ostra, que comezou a celebrarse no ano 1987 e da fama ao municipio, atraendo a un elevado número de visitantes. Celébrase o primeiro fin de semana do mes de abril na parroquia de Arcade. Tamén destaca a celebración da Romaría da virxe da Peneda o luns de Pascua e o 5 de agosto, á que os romeiros acoden, algúns de xeonllos, para poder cumprir as súas promesas. Tamén é moi coñecida a de San Caetano, que se celebra o 7 de agosto na capela que está dentro do castelo. O 6 de agosto celébrase a festa na honra de San Salvador de Soutomaior, mentres que o 25 de xullo Arcade celebra a festa na honra de Santiago. Tamén presenta especial importancia a Semana Santa, onde se produce o tradicional “Desencravo” en Soutomaior o Venres Santo e unha procesión en Arcade.



Tamén ten importancia o Certame e Exposición da Camelia que se celebra dende non hai moito tempo no contorno do castelo de Soutomaior e que xurdiu na Casa do Pobo do Val-Sobral cando Manuela Gradín era Presidenta da “Asociación de Veciños 8 de decembro”, aínda que o éxito acadado fixo necesario máis espazo e máis dotacións, de aí que se celebre no Castelo de Soutomaior baixo a organización do Concello e coa colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra. Neste certame, ademais dos particulares, que participan expoñendo as súas flores, tamén están presentes os escolares dos centros educativos do municipio, así como os comerciantes de Soutomaior e Arcade que participan adornando os escaparates dos seus establecementos.

A parroquia de Soutomaior é na que se celebran un maior número de festas, un total de catro, sen embargo é na de Arcade onde se celebra a máis popular, a Festa da Ostra.

Arcade	Festa da Ostra o primeiro fin de semana da abril. Santiago Apóstolo o 25 de xullo Semana Santa
Soutomaior	Certame da Camelia o 20 e 21 de marzo Romaría da Virxe da Peneda o luns de Pascua e o 5 de agosto Festa de San Salvador o 6 de agosto Romaría do San Caetano o 7 de agosto Semana Santa

Dentro gastronomía típica de Soutomaior destacan produtos como as ostras e o viño albariño. Os mariscos son ricos neste concello non podendo esquecernos de especies como os berberechos e as ameixas, que atopan nas augas que bañan a costa da parroquia de Arcade unhas condicións inmejorables para a súa produción. O berce do albariño atópase en Soutomaior, onde se producen uns excelentes caldos que se comercializan a través de dúas adegas, posuíndo a vendima deste concello dende o ano 1996 a denominación de orixe “Rías Baixas”, subzona de Soutomaior.

O concello de Soutomaior tamén é un lugar de tradición gastronómica e hostaleira que se deixa notar no elevado número de restaurantes que se concentran na localidade de Arcade. Tamén hai algúns, aínda que en menor número, en Soutomaior. En ambos os casos, son punto de cita para tódolos amantes da boa cociña.



4.4. Recursos turísticos

A práctica do turismo no concello de Soutomaior presenta cada vez maior relevancia polo número de visitantes que chegan ao concello, o que sen dúbida reflicte de maneira positiva na súa economía. A escaseza de recursos vese compensada coa calidade dos mesmos, que xunto a proximidade deste concello ao de Vigo, a presenza dunha pequena liña litoral con praias e un porto deportivo, unha rica gastronomía baseada nos produtos do mar, a oferta de servizos de aloxamento e un clima benigno, favorecen a chegada de visitantes sobre todo na época estival.

A localización do concello no fondo da Ría de Vigo, na enseada de San Simón, a calidade do seu patrimonio arquitectónico, a súa proximidade aos principais centros emisores de visitantes como son Vigo, Baiona, Pontevedra e o Salnés, e os numerosos servizos que posúe para atender a demanda dos turistas, fan que este espazo presente moitos dos alicientes necesarios como para potenciar un sector turístico mixto, onde se pode compaxinar perfectamente a práctica do turismo de sol e praia na parroquia de Arcade cun turismo verde na de Soutomaior, onde o seu carácter máis montañoso e a conservación de seu patrimonio cultural e natural pode favorecer o aumento dos visitantes.

Para poder conformar un mapa municipal de recursos turísticos incorporouse todo aquel elemento material e inmaterial que pode ser aproveitado para o goce da poboación residente, así como para a atracción de visitantes. Deste xeito, pódese agrupar nun só plano todo aquel patrimonio que dada o seu estado de conservación, xunto coas características do entorno no que se localiza, pode ser considerado como unha fonte de recursos para a atracción de turistas e a potenciación deste sector no futuro.

O turismo na actualidade repercute de maneira beneficiosa na riqueza local, principalmente nos meses de verán, que é a época na que maior pulo presenta esta actividade, véndose favorecidos pola chegada de visitantes sectores como o marisqueo e a hostalería

Dos recursos dos que dispón o concello os que dan a coñecer máis este territorio son dous, o castelo de Soutomaior e a festa da Ostra de Arcade.

No caso do castelo de Soutomaior, o bo estado de conservación que presenta permite o desenvolvemento de diferentes tipos de actividades lúdicas e culturais, dende



exposicións, ata congresos, seminarios e mesmo concertos musicais. Isto, unido á beleza do conxunto do castelo, coa Fonte da Marquesa e os seus xardíns de vexetación variada e exótica, e a singularidade da paisaxe que o rodea, fai que o edificio se erixa como un dos principais puntos de atracción de visitantes do concello de Soutomaior, que sen dúbida se ve favorecido pola existencia dunha pousada ao lado mesmo do recinto e unha capela no seu interior na que aínda se ofrendan misas e mesmo se celebra unha romaría na honra de San Caetano.

Por outra banda está a Festa da Ostra, que se celebra anualmente dende o 1983 na primeira semana de abril. A idea da celebración desta festa nace por parte dos ostreicultores da zona para potenciar o seu consumo, xa que este produto tiña, e segue a ter, un importante papel na economía da vila polo que un evento como este axudaría a proxectar a imaxe de Arcade como punto de referencia na produción e comercialización deste molusco. A celebración desta festa na primeira semana do mes de abril non é unha casualidade, xa que nesta época é cando a ostra está nas mellores condicións biolóxicas para á súa degustación.

Durante a celebración destes días de festa na vila de Arcade tamén se celebran outros actos musicais, culturais ou teatrais que fan que a vila acolla a un elevado número de visitantes tanto da Área Metropolitana viguesa como do resto da provincia de Pontevedra e de numerosos puntos do territorio galego, o que repercute de maneira positiva na economía local.

Nos últimos anos tamén esta a cobrar máis forza o Certame e Exposición da Camelia que se celebra dende non hai moito tempo no contorno do castelo de onde cada vez participan máis particulares expoñendo as súas flores, así como escolares de distintos centros educativos, e comerciantes de Soutomaior e Arcade.

Outro dos factores importantes para que un concello poida atraer visitantes e aproveitar a súa chegada para a promoción dos seus recursos é a existencia de servizos hostalería e aloxamento. En Soutomaior existen na actualidade un total de catro hoteis e dúas casas de turismo rural. Tres dos hoteis atópanse na parroquia de Arcade mentres que o outro é unha pousada que se atopa ao lado mesmo do castelo de Soutomaior. Pola contra, as casas dedicadas a turismo rural no concello son dúas, ambas na parroquia de Soutomaior, localizándose unha en Lourido e outra en Aranza.

Respecto aos restaurantes, estes localízanse na súa maior parte no lugar de A Calle (Arcade), existindo un total de dezasete establecementos que basean os seus pratos nos produtos do mar, especialmente en mariscos de entre os que destaca a Ostra. Na parroquia de Soutomaior atópanse un total de dous restaurantes.

A importancia do escaso patrimonio arquitectónico e etnográfico vese minimizado aínda máis pola maxestuosidade do castelo de Soutomaior. Sen embargo, por todo o concello podemos atopar fermosos elementos que poden servir de complemento perfecto a unha oferta turística principal e que axudaría a promover e difundir este espazo de cara a unha maior atracción de visitantes.



Aínda que un dos principais inconvenientes dos municipios con patrimonio arqueolóxico ou etnográfico e a dispersión entre os recursos, o tamaño que presenta o concello de Soutomaior fai que moitos destes recursos estean preto un dos outros, polo que poden supor un complemento perfecto á promoción do espazo.

Así, no entorno do castelo de Soutomaior podemos atopar unha serie de elementos patrimoniais que poden complementar perfectamente a oferta do castelo, tales como un peto de ánimas con cruceiro, unha posada onde aloxarse e a igrexa de San Salvador de estilo barroco, sen esquecer a beleza que conforma o val que rodea estes elementos.

Nos cursos dos grandes ríos, como o Oitavén e o Verdugo, amén se poden atopar unha serie de construcións tradicionais que ben poden servir de complemento turístico. Á beleza da paisaxe, formada por dos bosques con especies autóctonas e de ribeira, haberá que engadir os numerosos muíños de auga situados nas súas marxes, as pontes medievais de Comboa e Aranza, a praia fluvial no río Verdugo en Comboa coa súa ponte colgante sobre ela, sen esquecer o patrimonio relixioso, as dúas casas de turismo rural ou o paso do sendeiro das Greas que comunica todos estes elementos de maneira natural e que pode ser aproveitado para o fomento do turismo activo á par que potenciaría a recuperación e conservación do patrimonio existente.

No SO., no monte da Peneda atópase a ermida da Peneda, na que os visitantes que se achegan ata ela atopan un miradoiro natural no que poden gozar dunha fabulosa vista panorámica da ría de Vigo cara o O., así como do val que conforma o río Verdugo cara o N. e do concello de Redondela cara o S.

Na parroquia de Arcade o conxunto do patrimonio que atopamos e das actividades desenvoltas están máis orientadas cara o turismo náutico e de sol e praia, aínda que tamén podemos atopar algún elemento que pode fomentar o turismo activo e cultural á par que serviría como complemento do de sol e praia. Así, por esta parroquia atravesamos un tramo do camiño portugués cara Santiago nunha dirección S.-N., ao paso do que aparecen elementos relixiosos tradicionais da cultura galega como o peto de ánimas da rúa Cacharelas, a igrexa parroquial de Santiago de Arcade ou a histórica e lexendaria Ponte Sampaio.

Non embargantes, a orientación clara nesta parte do concello é cara o turismo costeiro e gastronómico, que se ve referendado non só pola celebración da festa da Ostra, polo elevado número de restaurantes ou polos hoteis existentes, senón tamén pola existencia de dúas praias e un porto deportivo que se localizan na metade N. do litoral que baña este concello. Os areas ocupan unha extensión total de 300 metros, caracterizándose por seren praias resgardadas e de area fina, presentando unha elevada ocupación estival. O porto deportivo é de recente construción presentando unhas instalacións dirixidas a satisfacer as necesidades dos amantes da navegación.



Ademais das rutas de sendeirismo, a intensa rede de camiños que existe dentro do concello de Soutomaior e que comunica os distintos lugares pode ser outro elemento de especial interese para o seu aproveitamento, xa que favorece a comunicación dos diferentes recursos ao tempo que se podería aproveitar para facer pequenas rutas de sendeirismo.

En conxunto, o concello de Soutomaior presenta todas as características para poder aproveitar o auxe do turismo e aumentar de forma considerable a actividade turística e diversificar aínda máis a súa economía. Presenta dous espazos claramente diferenciados pero que poden ser perfectamente complementarios un do outro. Por un lado está o espazo litoral que a pesares de presentar poucos elementos patrimoniais de especial valor, é onde se localiza a maior parte da actividade turística municipal así como o maior número de servizos destinados a cubrir as necesidades dos visitantes. Por outro lado está o interior do concello, onde se localiza a meirande parte do patrimonio natural e cultural, así como rutas de sendeirismo.

O turismo do interior pode ser un complemento perfecto para o que se practica na costa (caracterizado pola súa masificación e estacionalidade), xa que ademais de presentar elementos patrimoniais de especial valor e que xeran atracción, como é o castelo de Soutomaior e o seu entorno, podería axudar a descentralizar e desestacionalizar o sector. Deste xeito, orientaríase a chegada de parte dos visitantes cara o interior do concello, á par que se desestacionalizaría o turismo, moi centrado na época estival, polo que o período de estancia dos visitantes podería verse aumentado durante máis meses. Estas medidas axudarían a diversificar os beneficios que deixa esta actividade por todo o municipio ao tempo a descentralización do sector aumentaría os ingresos. Ademais, a superficie que presenta o concello fai que as distancias entre a costa e o interior sexan mínimas, polo que favorecería a conexión entre todos os elementos nun tempo curto. Unha mellora das vías de comunicación e unha promoción axeitada do territorio repercutiría no seu mellor desenvolvemento.

Neste senso, actualmente o concello dispón de certa actividade turística que se concentra na época estival, principalmente nos meses de xullo (45% de visitantes) e agosto (44,7%). Así, segundo os datos facilitados pola Oficina de Información Turística municipal (OIT), os visitantes que se achegan ata Soutomaior son principalmente nacionais (71%) e proceden de forma maioritaria de Madrid (30,6%), Andalucía (17,6%), Cataluña (9,42%), Valencia (9,18%). No que se refire aos visitantes estranxeiros, estes proceden basicamente de países da Unión Europea, sendo Portugal o principal emisor de turistas cara esta concello cun 47,2% dos turistas estranxeiros. Ségueno a gran distancia Alemaña cun 11,6%; Italia cun 6,68%; e Inglaterra e Francia cun 5,4%. Destaca a porcentaxe visitantes de países latinoamericanos no mes de xullo, procedentes principalmente da República Dominicana e Arxentina.

No que se refire á idade dos turistas, destacan os comprendidos entre os 18 e os 60 anos. Así, un 44,1% dos turistas que se achegan ata Soutomaior teñen entre 36 e 60 anos, sendo os meses de xuño



e agosto, cun 50,4% e 39,2% dos mesmos, os preferidos por estes para visitar este territorio. Os visitantes con idades entre 18 e 35 anos representan o 41,5%, concentrándose no mes de agosto cun 48% dos mesmos, mentres que en xullo fano o 40,6%. Pola contra, os menores de 18 anos e os maiores de 60 son os turistas menos habituais, representando os primeiros ao 8,7% dos totais (dos que un 70,1% visita o concello no mes de agosto), mentres que os maiores de 60 soamente representan ao 2,7%, dos que un 75% prefere o mes de xullo para visitar esta terras.

5. ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS

5.1. Planeamento urbanístico vixente


O planeamento vixente na actualidade no concello de Soutomaior son as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas en xaneiro de 1990 e supeditadas a modificacións puntuais co fin de desenvolver pequenas estratexias de actuacións en determinados espazos do concello, destacando o proxecto do porto deportivo de Arcade.

Do mesmo xeito, atópase redactado a avance do novo PXOM, aprobado inicialmente e que se atopa aínda en fase de tramitación

Para realizar calquera clase de consulta, o concello pon a disposición dos veciños e interesados un aparelador e un arquitecto que atende nas dependencias da casa do concello todos os luns, mércores e venres.

5.2. Infraestruturas de comunicación

A posición estratéxica de Soutomaior no fondo da ría de Vigo e como zona de paso obrigada entre as cidades de Vigo e Pontevedra, fai que as principais vías de comunicación se localicen no seu extremo occidental levando todas elas unha dirección N.-S. No resto do territorio as estradas presentan unha dirección maioritariamente L.-O., de xeito que transcorren paralelas ao val do río Verdugo, agás no caso do río Pequeno onde estas cambian a súa dirección para circular de N. a S.



A rede de estradas comunica a todos os núcleos do concello. As estradas do interior presentan un trazado e un firme irregular así como un ancho de vía por veces moi estreito, o que dificulta o tránsito rodado. Todo o contrario ocorre nas estradas situadas no extremo O. que presentan un



trazado máis rectilíneo e unhas mellores condicións no firme, así como un maior ancho de vía.

A Estrada Nacional N-550 e vía de comunicación de maior rango que atravesa o concello de Soutomaior. Entra polo N. procedente do concello de Pontevedra e continúa o seu treito cara Redondela e Vigo atravesando de N. a S. o concello polo O. da parroquia de Arcade.

Tamén atravesa este concello a vía férrea que transcorre da N. a S. polo seu extremo occidental e paralela á liña de costa.

As estradas de Terceiro Orden, son as principais vías de comunicación para o resto do concello comunicando a práctica totalidade dos núcleos de poboación. Presentan unha dirección paralela aos vales fluviais. Así, na súa parte central presentan unha dirección L.-O. mentres que no L. a súa dirección muda e adáptase á orientación N.-S. que presenta o val do río Pequeno.

De entre todas elas destacan a PO-P 2442, que atravesa principalmente a parroquia de Arcade, aínda que inicialmente parte da de Soutomaior e presenta unha dirección variable L.-O.-N.

Tamén destaca a PO-244, que parte da PO/P 2442 e que transcorre integramente pola parte central da parroquia de Soutomaior cunha dirección variable L.-O.

Dadas as características do relevo do concello de Soutomaior, coa presenza do val do río Verdugo e Oitavén cunha dirección L.-O, e do río Pequeno cunha orientación N.-S., así como o aumento de altitude do terreo de O. a L. e dende o fondo de val dos ríos principais cara os seus rebordos N. e S., as estradas locais vanse adaptando ao espazo para poder comunicar e dar servizo á totalidade dos núcleos de poboamento. A rede de estradas locais é máis intensa na parroquia de Arcade grazas ao relevo chá, presentando maioritariamente unha dirección N.-S. Menos intensa é esta rede de estradas na parroquia de Soutomaior, presentando principalmente unha dirección L.-O., paralelas ao val do Verdugo, pero existindo outras cunha dirección N.-S. e que soen enlazar coas estradas de 3º orden.

Así mesmo, dispón dunha densa rede de camiños e pistas que se expanden por todo o termo municipal, sendo estas moi extensas naqueles puntos onde o terreo presenta unha maior altitude, sobre todo no S. e L. da parroquia de Soutomaior.

5.3. Centros educativos

O concello de Soutomaior experimenta dende comezos do século XX un continuo e moderado crecemento da súa poboación que se ve prolongado na actualidade, froito dunha natalidade lixeiramente máis alta que a mortalidade pero da como resultado un crecemento vexetativo positivo. Isto repercute de maneira positiva na presenza de poboación nova dentro do concello, o que inflúe na oferta de centros educativos que aínda que é baixa en canto a número de centros se refire, a súa oferta educativa é máis ampla.



No concello existen tres centros educativos, dous de titularidade pública e un privado. Na parroquia de Arcade existe un so centro de ensino de titularidade pública, o CPI Manuel Padín Truiteiro, no que se imparte Educación Infantil, Primaria así como a Educación Secundario Obrigatoria (ESO). Os outros dous centros localízanse na parroquia de Soutomaior. O de titularidade pública é o EEI de Romariz, onde se imparte a Educación Infantil. Pola contra, o outro centro, CPR Santiago Apostol, é de titularidade privada e localízase no lugar de A Montesíña. Nel impártense dende Educación Infantil, Primaria, Especial e Secundaria, ata bacharelato LOXSE (nas modalidades de Ciencias da Natureza, Humanidades e Ciencias Sociais, e Tecnoloxía) e un ciclo formativo de grao superior de Administración de Sistemas Informáticos.

Ademais, nos centros educativos que hai no concello hai nove grupos de educación infantil que van dende os 3 anos ata os 5 anos, cun total de 252 alumnos. Esta oferta resulta insuficiente porque non hai ningún servizo de gardería que atenda á poboación de 0 a 3 anos, cando no concello hai 284 rapaces e rapazas de 0 a 4 anos, segundo datos do Padrón municipal de habitantes do ano 2005.

5.4. Servizos sociais

Os servizos sociais, que teñen como obxectivo servir aos diferentes grupos sociais que presentan problemáticas específicas e que requiren un tratamento axeitado, están presentes no concello de Soutomaior a través da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), o Servizo de Asesoramento e Información ao Estudante, o Servizo de Orientación de Emprego, o Servizo de Información Xuvenil e o Centro de Información da Muller.

No referente ás residencias da Terceira Idade, non existe ningunha dentro deste concello. En Soutomaior había, no ano 2005, 1045 persoas maiores de 65 anos das que o 44,21% pasaba de 75 anos.

Ademais, para avaliar a demanda de servizos sociais no concellos faise necesario coñecer o número de posibles usuarios, entre os que están as persoas que perciben a RISGA e a AES.

- A RISGA (renda de integración social de Galicia) é unha axuda económica asistencial que trata de garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns de entre 25 e 65 anos, que aínda que teñen idade laboral e non teñan causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes. No ano 2003 había no concello 13 persoas percibindo esta renda.
- A AES (Axudas de Emerxencia Social) é unha prestación económica, non contributiva, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade. No ano 2003 había en Soutomaior 1 persoas beneficiarias da axuda.



6. POBOACION E VIVENDA.

A continuación analizaranse os principais datos relacionados coa poboación e a vivenda en Soutomaior, faranse comparacións cos datos relativos á AMV, coa finalidade de coñecer a representatividade do concello e as súas diferenzas ou similitudes con respecto aos outros concellos que a integran. Noutros casos as comparacións faranse tamén con respecto á provincia de Pontevedra e a Galicia.

Os datos utilizados para a análise proveñen dos publicados polo INE e o IGE, a partir dos que se elaboraron todas as operacións estatísticas incluídas neste estudo socioeconómico. Os datos están estruturados nos seguintes apartados:

1. Efectivos poboacionais e evolución demográfica, no que se pretende obter unha visión da actual composición da poboación do concello, tendo en conta o número e súa distribución por sexo, a súa procedencia, así como a súa traxectoria dende o inicio do século 20.
2. Estrutura da poboación, atende aos grupos de poboación segundo a idade vendo como o peso destes grupos poden estar determinando o desenvolvemento económico e social, a través da obtención dunha serie de índices.
3. Movemento natural da poboación, fixándose nos tres principais fenómenos demográficos: os nacementos, as defuncións e os casamentos, e a súa evolución.
4. Movementos migratorios, tendo en conta a procedencia e o destino das poboacións migrantes, analizando tamén a súa evolución ao longo do século ata a actualidade.
5. Nivel formativo da poboación do concello a partir dos datos publicados no censo de poboación e vivendas do ano 2001, referidos a poboación de 16 e máis anos de idade. Ademais, tomando os datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, verase o último dato de matriculación, en ensino non universitario no concello.
6. Por último, o apartado 6, que estuda a composición e principais características da Vivenda no concello.



6.1. Efectivos poboacionais e evolución demográfica.

A) Poboación segundo sexo e distribución parroquial

Segundo o último dato publicado polo INE, a poboación de Soutomaior en xaneiro de 2004 era de 5781 persoas, distribuídas segundo sexo en 2834 homes e 2947 mulleres. O reparto poboacional tendo en conta o sexo, entre as 2 parroquias que compoñen o concello é o seguinte:


Distribución da poboación de Soutomaior por parroquias, segundo sexo. Ano 2004.

Parroquia	Poboación total	Homes	Mulleres
Arcade (Santiago)	3.555	1.752	1.803
Soutomaior (San Salvador)	2.226	1.082	1.144

Fonte: INE

O concello de Soutomaior está composto por dúas parroquias, a de Arcade e a de Soutomaior. A máis poboada é Arcade, cun total de 3555 persoas, 1803 mulleres e 1752 homes. Soutomaior conta con 2226 persoas, delas 1144 son mulleres e 1082 son homes. A situación xeográfica da parroquia de Arcade, á beira do mar, explica a maior concentración de poboación, onde se sitúan as principais actividades económicas e as vías de comunicacións coas dúas cidades cabeceiras da zona, Vigo e Pontevedra.

Porcentaxe da poboación dos concellos da AMV sobre o total.
Ano 2005




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

En relación á AMV, a poboación de Soutomaior representa o 1,28%, sendo o terceiro concello despois de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén con menos poboación dos que integran este territorio.



B) Densidade demográfica

A seguinte gráfica mostra a densidade demográfica, que indica a concentración da poboación por quilómetro cadrado, neste caso comparando a correspondente a Soutomaior, AMV, Pontevedra e Galicia. A densidade demográfica no concello é de 238,24 habitantes/km.², case tres veces inferior á correspondente ao conxunto da AMV, que posúe unha densidade de 621,39 habitantes/ km.². A densidade demográfica en Soutomaior achégase, aínda que supera, á correspondente á provincia de Pontevedra, que é de 215,86 habitantes/ km.² e duplica á de Galicia, que é de 93,33 habitantes/ km.².



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

C) Poboación segundo lugar de nacemento e residencia


Tendo en conta a poboación do concello de Soutomaior segundo o seu lugar nacemento e residencia, como mostran os datos do Padrón Municipal de Habitantes correspondentes ao ano 2005, a mobilidade da poboación do concello é superior á que se produce a nivel da AMV, Pontevedra e Galicia. Así, o 56,90% da poboación do concello naceu e reside no mesmo, mentres que nos outros territorios compártense valores superiores, o máis próximo ao de Soutomaior é o de Galicia, 60,74%, seguido da AMV, onde o 61,65% da poboación naceu nalgún dos concellos que a integran, e por último, Pontevedra, cun 65,26% que naceu e reside no mesmo concello. Soutomaior é receptora de poboación procedente doutros concellos pontevedreses, en maior medida do que o son os outros tres territorios analizados, así o 30,10% da poboación naceu noutro concello pontevedrés, mentres que en Galicia o 22,34% naceu noutro concello da mesma provincia onde reside. A AMV e Pontevedra comparten valores similares e aínda inferiores, en torno ao 16%. No caso da poboación residente no concello que naceu noutra provincia galega, o valor de Soutomaior é menor que os que posúen os outros tres espazos, 3,88%, fronte ao valor superior que lle corresponde á AMV, 10,02%. Por debaixo da AMV, pero aínda representando unha porcentaxe de máis do dobre do que en Soutomaior, está a



poboación que reside na provincia de Pontevedra e que naceu noutra provincia galega, 7,45%, e tamén á do conxunto galego, 6,41%.

A porcentaxe de poboación residente no concello e que naceu noutra comunidade autónoma representa un 3,58%, sendo inferior aos que lles corresponden á AMV, 5,16%, Pontevedra, 4,32% e Galicia, 4,71%.

Por último, a poboación residente e nacida no estranxeiro representa en Soutomaior o 5,54% da poboación, neste caso tamén se sitúa por debaixo da AMV, cunha porcentaxe do 6,78%, Pontevedra, 6,19%, e máis cerca do valor correspondente a Galicia, 5,80%.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

D) Poboación segundo nacionalidade

En canto a nacionalidade da poboación soutomaiorense, no ano 2001, o 98,21% da poboación de Soutomaior posuía nacionalidade española e un 1,79% a estranxeira. As porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, son similares e lixeiramente superiores con respecto a Soutomaior no caso da porcentaxe de persoas de nacionalidade española, 98,43%, 98,59% e 98,70%, respectivamente. Polo tanto, aínda que con valores moi similares, Soutomaior posúe unha porcentaxe de poboación con nacionalidade estranxeira que supera aos da AMV, 1,59%, Pontevedra de 1,41% e Galicia de 1,30%.

Na procedencia da poboación de nacionalidade estranxeira en Soutomaior, chama a atención o feito de que a poboación con nacionalidade dalgún país africano supere á americana ou europea, das 97 persoas con nacionalidade estranxeira residentes en Soutomaior, 41 proceden de África, o que ven representar o 42,27% da poboación estranxeira, sendo o reparto segundo sexo de 23 homes e 18 mulleres. A poboación con nacionalidade dalgún país americano suman en Soutomaior un total de 34 persoas, 11 homes e 23 mulleres, representando o 35,05%, e o número de persoas con nacionalidade dalgún país europeo é de 22, repartíndose de forma igualitaria entre homes e mulleres e representan o 22,68% da poboación estranxeira.






A gráfica anterior mostra as porcentaxes de poboación con nacionalidade estranxeira segundo a súa procedencia en Soutomaioir, AMV, Pontevedra e Galicia. O máis significativo é a diferenza existente entre Soutomaioir e os outros tres territorios en relación a poboación que procede dalgún país africano, que supera os 30 puntos nos tres casos, así na AMV a poboación africana representa o 8,42%, en Pontevedra o 8,94% e en Galicia o 7,6%. O lugar de procedencia maioritario na AMV, Pontevedra e Galicia é América, cuns valores entorno ao 51% nos tres casos, mentres que Soutomaioir a porcentaxe descende ata o 35,05%. No caso da poboación con nacionalidade europea acontece algo semellante, xa que o valor correspondente a Soutomaioir é inferior aos que posúen os outros tres espazos, 22,68%, mentres que estes comparten porcentaxes moi parecidas, 38,10% a AMV, 37,93% Pontevedra e 38,58% Galicia.



E) Evolución demográfica



Fonte: Censos de Poboación e Vivendas. INE

Segundo os datos da evolución demográfica publicados polo INE e que recollen cifras de poboación de feito dende 1900 ata 1991, aos que lle engadimos os referidos ao Censo do ano 2001¹ e os datos dos Padróns para os anos 2004 e 2005, obsérvase como no concello se produciu un aumento de poboación ao longo do período, marcado, como se observa na gráfica, por dous momentos significativos. Un, de forte aumento poboación, entre os Censos de 1960 e 1970, onde se produce un aumento en termos absolutos de 1487 persoas, pasando dun total de efectivos de 4288 a 5775, e que se traduce nunha variación intercensal do 34,68, por riba da producida na AMV no mesmo período, que foi do 25,90. E un segundo momento, localizado entre os censos dos anos 1970, 1981 e 1991, onde se experimenta un descenso no número de efectivos de 868 persoas, pasando dos xa sinalados 5775 persoas do ano 1970 ás 4907 persoas no ano 1991. Dende este ano ata o actual, o aumento de poboación ven sendo unha constante no concello.

Entre os censos dos anos 1900 e o 2001 o aumento producido en termos absolutos foi de 2130 persoas, o que representa unha variación relativa do 65,04%. Esta variación está por debaixo da que se produciu na AMV, que foi moi significativa, do 342,46, así como a que se experimentou na provincia de Pontevedra, do 97,65, aínda que si é superior á que experimentou Galicia nese período, do 36,12.


¹ Segundo nota do INE, Os datos referidos á evolución da poboación dende 1900 a 1991 publicados polo INE son refírense a poboación de feito, proceden dos censos de poboación elaborados cada 10 anos. Para o período 1986 a 1995 os datos corresponden a poboación de dereito, son anuais e derívanse das renovacións padronais, e das rectificacións padronais para os demais anos. A partir do ano 1996 prodúcese un cambio legislativo que elimina a distribución entre poboacións de feito e poboacións de dereito. Dende 1996 en diante as cifras de poboación teñen carácter oficial e se refíren ao 1 de xaneiro de cada ano. Nesta análise do concello de Soutomaior, engádesse á evolución publicada polo INE os datos de poboación referidos ao ano 2001, 2004 e 2005.



6.2. Estrutura da poboación

A) Pirámide de poboación

A estrutura da poboación por sexo e idade no concello de Soutomaior no ano 2004 exprésase graficamente na pirámide de poboación que se inclúe a seguir e que deixa ver os principais comportamentos poboacionais que están a caracterizar ao concello, como son o seu progresivo avellentamento, expresado polo estreitamento na súa base, debido ao descenso nas taxas de natalidade, e ao aumento da esperanza de vida das poboacións con máis idade. En xeral, este é o proceso que se está a vivir na maioría dos concellos galegos, se ven, nos concellos rurais esta tendencia é moito máis marcada que nos urbanos.




A pirámide deixa apreciar como a distribución por sexo, sendo maioritaria a poboación masculina ata o grupo de idade de 55-59, a partir dese intervalo, as mulleres superan aos homes, en máis de dous puntos en todos os grupos ata o final da pirámide.

Ademais, obsérvase que os grupos de poboación máis numerosos, nos dous sexos, son de idades comprendidas ente 20 e 29 anos, representando unha porcentaxe do 18,79%. Se temos en conta o sexo da poboación, o grupo de idade maioritario entre os homes é o de 35 a 39 anos, representado o 9,46% da poboación masculina, mentres que o grupo de idade feminino máis numeroso é o de entre os 25 e 29 anos, representado unha porcentaxe do 9,26%.



Distribución da poboación por grandes grupos de idade
Ano 2004




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

B) Distribución da poboación por grandes grupos de idade

En canto á distribución por grandes grupos de idade no ano 2004, o porcentaxe de poboación con menos de 16 anos representaba o 14,58%, a poboación entre 16 a 64 anos representaba o 67,43% e as persoas con 65 e máis anos o 17,99%. En relación aos outros territorios incluídos na análise, topámonos co feito de que en Soutomaior é máis numerosa a poboación con menos de 16 anos, que na AMV, onde representa o 13,98%, Pontevedra con 13,86% e Galicia, aínda máis baixa, representando o 12,36%. En canto á poboación integrada polo grupo máis numeroso, de 16 ata 64 anos de idade, Soutomaior encóntrase por debaixo da AMV e Pontevedra, 70,17% e 68,37%, respectivamente, e por riba da porcentaxe correspondente á Galicia, 66,32%. E por último, no grupo de poboación de máis idade, o que ten máis de 64 anos, ao comparar a situación do concello cos outros tres espazos incluídos, temos que Soutomaior de novo se atopa unicamente por debaixo de Galicia, xa que a esta correspóndelle unha porcentaxe do 21,32%, lixeiramente por riba de Pontevedra, 17,77%, e algo máis de dous puntos máis que a AMV, que ten un grupo de poboación de 65 e máis anos de idade que representa o 15,86% sobre o total.

Distribución da poboación estranxeira por grandes grupos de idade
Ano 2001




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE



A distribución da poboación estranxeira por grandes grupos de idade en Soutomaior distribúese nas seguintes porcentaxes, o 22,68% ten menos de 16 anos de idades, o 75,26% entre 16 e 64 anos e o grupo de máis de 64 anos supón o 2,06% da poboación estranxeira. Como se observa na gráfica, a AMV, Pontevedra e Galicia, comparten porcentaxes similares, estando as principais diferenzas con respecto ao concello, no grupo de poboación máis moza, xa que nestes tres territorios este grupo de poboación está por debaixo dos 8 puntos en relación a Soutomaior, sendo o valor correspondente á AMV do 13,62%, o de Pontevedra do 14,36% e o de Galicia de 14,49%. O grupo de poboación estranxeira que posúe entre 16 e 64 anos de idade representan na AMV o 79,75%, o 79,19% en Pontevedra e o 79,15% en Galicia, é dicir, en torno aos 4 puntos por riba do valor sinalado para Soutomaior. O grupo de poboación maior nestes tres territorios representa, pola contra, arredor dos 4 puntos por riba do que supón en Soutomaior, sendo na AMV o 6,63%, o 6,45% en Pontevedra e o 6,39% en Galicia.


C) Idade media da poboación



Na gráfica precedente compárase a evolución da idade media da poboación do concello de Soutomaior coa correspondente á AMV, Pontevedra e Galicia, dende o ano 1998 a 2002. Nos catro casos houbo un incremento deste indicador, sendo o menor o que se produciu en Soutomaior, de 1,4 anos, e o máis acentuado o correspondente á AMV, de 1,82 anos. A orde destes catro espazos segundo o valor do indicador segue a ser a mesma entre estes dous anos, á AMV correspóndelle o valor máis baixo, 38,52 anos no 1998 e 40,34 no 2002, seguido de Pontevedra, 39,20 no ano 1998 e 40,90 no 2002, en terceiro lugar Soutomaior, cuns valores respectivos neses ao inicio do período de 39,80 e 41,20 ao final do mesmo, mentres que Galicia é o espazo coa media de poboación máis envellecida, correspondéndolle unha idade media no ano 1998 de 41,60 e de 43,10 no ano 2002.




D) Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

En relación ao Índice e dependencia global (IDG), que pon en relación aos grupos de poboación dependentes economicamente co grupo de poboación potencialmente activa, é dicir, as persoas de menos de 16 anos e as de máis de 64 co grupo de poboación con idade comprendida entre 16 e 64 anos, o valor correspondente a Soutomaior no ano 1991 era de 71,89%, é dicir que por cada 100 persoas consideradas potencialmente activas, había 71,89 persoas dependentes, con idades entre 0 e 15 anos e máis de 64 anos. O IDG en Soutomaior decreceu ata o ano 2001, chegando ao valor de 57,97%. No seguinte ano rexistrado na gráfica, 2004, o IDG volve aumentar, acadando o valor de 68,10%. Unha traxectoria similar seguiu este indicador na AMV, aínda que os seus valores poñen de manifesto o maior peso que ten a poboación activa fronte a definida como dependente. Así, mentres que no ano 1991 se partía dun valor de 71,19%, moi similar ao de Soutomaior, no ano 2001 diminúe ata un valor de 54,74%, para volver a subir ata 61,50% no ano 2004, o que se traduce en que por cada 100 persoas consideradas activas, hai 61,5 potencialmente inactivas. Os valores de Pontevedra e Galicia están por riba dos de Soutomaior e da AMV. No ano 1991 Pontevedra posuía unha IDG do 74,56% e Galicia do 74%, nestes dous espazos experimentouse, como en Soutomaior e na AMV un descenso no ano 1996, acadando uns valores respectivos do 68,13% e do 65,87%. Os datos correspondentes aos anos 2001 e 2004 reflicten un forte crecemento, especialmente en Pontevedra, pasando dos valores sinalados ao 91,09 correspondente ao ano 2004, e no caso de Galicia, o valor acadado foi de 78,35%.

Evolución dos índices de dependencia xuvenil e senil
1996-2004



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




O Índice de Dependencia Xuvenil (IDX), que relaciona a poboación menor de 20 anos coa poboación potencialmente activa, experimentou un descenso moi marcado no concello de Soutomaior entre 1991 e 2001, pasando do valor 47,18 ao 30,17. No 2004, rexístrase un aumento que chega ata o 34,72.

O Índice de Dependencia Senil (IDS), que compara os pesos do grupo de poboación maior de 64 anos co de 20 e 64 anos de idade, como se observa no gráfico, a tendencia é crecente dende o ano 1996. Neste ano o valor é do 24,72, chegando o aumento no ano 2004 ata o 33,38 persoas.

Estes dous indicadores están a reflectir as consecuencias do descenso da natalidade así como o progresivo avellentamento da poboación no concello.

E) Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento

O Índice de Recambio da Poboación Activa (IRPA), indicador que relaciona a poboación entre 60 e 64 anos e a comprendida entre os 20 e os 24 anos, e que explica a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que abandonan o mercado de traballo ao acadar a idade da xubilación, aumentou en case 20 puntos entre os anos 1991 e 2004 en Soutomaior, pasando do 54,82% ao 72,61%. Este é outro indicador que nos fala da perda de peso da poboación moza no concello, xa que mentres que no ano 1991 había 54 persoas de 20 a 24 anos por cada 100 de 60 a 64 anos no concello, no ano 2004, esta proporción aumentou ata 72. A traxectoria deste indicador na AMV tamén é de aumento, aínda que menos marcado que no caso de Soutomaior, xa que no ano 1991, a AMV posuía un IRPA do 53,61 e no ano 2004 era de 62,74. O valor correspondente á Pontevedra no 2004 era similar ao da AMV, 64,22, e o de Galicia superaba ao de Soutomaior, 75,81.




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


Outro dos indicadores sobre a estrutura da poboación é o Índice de envellecemento, que explica a relación entre a poboación menor de 20 anos e a maior de 64. Como se mostra na gráfica, este Índice aumentou significativamente entre os anos 1991 e 2001, pasando do 34,74% do ano 1991 ao 72,22% no ano 2001. Na gráfica inclúese os datos correspondentes á AMV, a Pontevedra e a Galicia. Como se observa, en tódolos territorios aumentou a proporción de poboación maior con respecto á poboación moza, aínda que o aumento na AMV é o máis baixo, de 41,24, moi similar ao de



Pontevedra, de 43,73. No caso de Galicia, é onde se produce o aumento máis significativo, xa que a variación foi de 56,72 puntos.



O Índice de sobreenvellecemento é a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64. A gráfica mostra tamén para os anos 1991 e 2001, como se produciu un aumento de 2,03 puntos no indicador, xa que no ano 1991 o índice de sobreenvellecemento de Soutomaior era do 6,54 e no 2001 do 8,57. O Índice de sobreenvellecemento é o máis baixo dos 3 territorios incluídos na gráfica, no ano 2001 o valor correspondente á AMV era de 9,95, de 10,84 en Pontevedra mentres que a Galicia, co valor máis alto, correspondíalle o 11,49.



6.3. Movemento natural da poboación

A) Nacementos, casamentos e defuncións.


O estudo do movemento natural da poboación nun territorio basease na análise dos nacementos, dos casamentos e das defuncións. Na gráfica que se inclúe a continuación, obsérvase a evolución destes tres fenómenos demográficos no concello de Soutomaior entre os anos 1997 e o 2002, en termos absolutos.

No caso dos nacementos, produciuse un aumento en termos absolutos, pasando dos 31 nacementos do ano 1997 aos 55 do 2002. O número de defuncións diminuíu considerablemente en termos absolutos neste período, pasando das 44 do ano 1997 ás 19 no ano 2002, aínda que como se observa



na gráfica, no ano 2001, o número de defuncións no concello chegou ata 56. Os casamentos é o fenómeno que menos variou entre estes dous anos, sendo o número dos celebrados no ano 1997 de 29 e no ano 2002 de 31.

Evolución no número de nacementos, casamentos e defuncións
1997-2002




Fonte: movemento natural da poboación. IGE e INE

B) Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade

A análise das taxas correspondentes a este tres fenómenos permiten dimensionar a súa incidencia no concello ademais de realizar comparacións con respecto os valores correspondentes a AMV, Pontevedra e Galicia.

Evolución da Taxa Bruta de Natalidade
1998-2003




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A Taxa Bruta de Natalidade (TBN), que mide o número de nacementos por cada mil habitantes, foi no ano 1998 en Soutomaior do 8,40%, aumentando ata o 8,57%, no ano 2003. A gráfica mostra a estabilidade deste fenómeno e a similitude coa traxectoria do mesmo no conxunto da AMV e Pontevedra. As maiores diferenzas preséntanse con respecto a Galicia, que mantén taxas inferiores ás dos outros tres territorios, 6,80% no ano 1997 e 7,37% no ano 2003.

A evolución nos casamentos no concello de Soutomaior, medida pola Taxa Bruta de Nupcialidade (TBNup) sofre maiores variacións que a TBN, como se observa na gráfica anterior, producíndose un descenso no seu valor entre os anos 1998 e o 2002. Así no ano 1998 a taxa era de 7,73%, no ano 2000 descendeu ata o 4,66%, recuperándose ata o valor de 5,62% no ano 2002. A taxa de




nupcialidade nos outros tres territorios mantivo unha traxectoria máis constante, posuíndo ademais, valores máis baixos que no caso de Soutomaior. Na AMV pasouse dun valor do 5,05‰ no ano 1998 ao 4,69‰ no 2002. No caso de Pontevedra, do 4,87‰, ao 4,58‰ e en Galicia, do 4,37‰ ao 4,21‰.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Na Taxa Bruta de Mortalidade (TBM), que reflicta o número de mortes por cada mil habitantes, obsérvase como novamente a poboación de Soutomaior sofre máis variacións ao longo do período analizado que no caso da AMV, Pontevedra e Galicia. No período analizado a taxa experimentou un incremento de case catro puntos pasando do valor de 6,87‰ no ano 1998 ao de 10,70‰ no ano 2002. Na AMV a taxa de mortalidade tamén aumentou aínda que máis moderadamente, correspondéndolle un valor no ano 1998 do 7,60‰ e un 8,25‰ no ano 2002. Pontevedra, cunha taxa lixeiramente superior á da AMV, pasou do 8,69‰ do ano 1998 ao 8,88‰ no 2002. Galicia é o territorio analizado con taxas de mortalidade máis altas e, cunha traxectoria, como na AMV e Pontevedra, máis constante que no caso de Soutomaior, sendo a taxa do ano 1998 do 10,31‰ e que no 2002 foi do 10,36‰.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE



C) Saldo vexetativo

O saldo ou crecemento vexetativo da poboación é a diferenza entre os nacementos e as defuncións producidas nunha poboación nun período determinado, neste caso expresado por mil habitantes. Saldo con valores negativos, tradúcense en maior número de defuncións que nacementos, saldo positivos, polo tanto, responden a un maior número de nacementos en relación ás defuncións. Como se observa na gráfica a seguir, o saldo vexetativo en Soutomaior pasou dun valor positivo no ano 1998, 1,53‰, a un valor negativo no ano seguinte de -2,44‰, recuperándose novamente no ano 2001, onde acada o valor máis alto do período, 3,89‰. No último ano analizado o valor correspondente decreceu, manténdose positivo no 0,54‰.

En canto aos outros territorios cos que se compara o Saldo vexetativo de Soutomaior, a AMV é o única que mantén saldos positivos neste período, aumentando entre os dous anos de referencia, así no ano 1998 o saldo era de 0,40‰, incrementándose lixeiramente no ano 2002 ata ao valor de 0,62‰. No caso de Pontevedra, presenta saldos negativos durante o período, que van do -0,88‰ do 1998 ao -0,49‰ do ano 2002. Os valores correspondentes a Galicia, máis baixos que os de Pontevedra, experimentan tamén un pequeno aumento neste período de análise, pasando do -3,50‰ do ano 1998 ao -3,30‰ do ano 2002. Nos catro territorios analizados, estase producindo un aumento positivo e suave do saldo vexetativo, xa que as taxas de natalidade están superando ás correspondentes ás da mortalidade.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


6.4. Movementos migratorios.

O estudo das características dunha poboación e o seu comportamento ao longo do tempo, analízase a través do movemento natural da poboación, realizado no apartado anterior, xunto cos movementos migratorios. Na análise tómase a Estatística de Movementos Migratorios que elabora o IGE a partir da Estatística de Variacións Residenciais elaborada polo INE, resultado das altas e baixas rexistradas nos padróns municipais. Segundo o IGE, o concepto de migración é equivalente ao do cambio de concello de residencia.



A) Emigración

Comezando pola análise da emigración, que se refire, nun determinado ámbito xeográfico ás migracións que teñen orixe nese ámbito e destino fora do mesmo. Dentro do concepto de emigración diferenciaremos ás emigracións internas e as externas. As primeiras son aquelas que teñen orixe nun concello de Galicia e destino noutro concello da comunidade. As emigracións externas son aquelas que teñen destino fora da comunidade autónoma, diferenciando entre as que son cara o resto de España ou ao estranxeiro.



Analizando o fenómeno da emigración en Soutomaior, no período 1990 a 2004, representado na gráfica, obsérvase cómo experimentou unha serie de variacións ao longo do período, aínda que a tendencia clara foi de aumento, así no ano 1990 o número absoluto de emigrantes no concello foi de 33 persoas, e no ano 2004 o número chegou ata 107. Cabe sinalar o feito de que no ano 2003 acadouse a cifra máis alta de persoas emigrantes, chegando ata 143, polo que o descenso con respecto ao seguinte ano foi de 36 persoas.

A continuación tense en conta o destino destas emigracións para diferenciar entre as internas, é dicir, as que teñen como destino outro concello galego, dentro ou fora da provincia de Pontevedra, e a emigración externa, a outra comunidade autónoma ou ao estranxeiro, neste caso, compararemos os valores de Soutomaior cos da AMV, a provincia e Galicia.

Como se observa nas porcentaxes incluídas no cadro a seguir, a maioría da poboación emigrante en Soutomaior o fai internamente, un 79,44% fronte ao 20,56% que o fai con destino fora de Galicia. As porcentaxes para os outros tres territorios de referencia son similares, sendo a emigración interna a maioritaria, aínda que as porcentaxes da AMV, Pontevedra e Galicia, son menores aos de Soutomaior, representando o 67,76%, 68,50% e 71,68%, respectivamente. A emigración interna cara a provincia representa en Soutomaior o 42,35%, algo máis de 15 puntos por debaixo da porcentaxe de persoas que emigran cara outra provincia galega (57,64%). A poboación que decide emigrar a outra provincia galega no caso da AMV representa o 17,70%, en Pontevedra o 19,47% e o 18,16% en Galicia.



A emigración externa, que como xa se sinalou representa o 20,56% do total da emigración en Soutomaior, dirixise na súa totalidade no ano 2004 cara outra comunidade autónoma, de xeito que non se rexistran movementos migratorios cara ao estranxeiro. No caso da AMV o 9,24% das persoas que emigran fora de Galicia o fan ademais ao estranxeiro, e un 90,76% o fai a outra comunidade autónoma. As porcentaxes en Pontevedra son 9,81% para a poboación que emigra ao estranxeiro, fronte ao 90,19% que o fai cara outra comunidade autónoma. E por último, en Galicia, a porcentaxe que emigra ao estranxeiro é de 10,76% mentres que cara outra comunidade autónoma o fai o 89,24%.

Emigración segundo tipo e porcentaxes de representación.
Ano 2004

Orixe	Emigración interna			Emigración externa			Total
	Á mesma provincia	A outra provincia de Galicia	Total	A outra CCAA	Ao Estranxeiro	Total	
Soutomaior	36	49	85	22	0	22	107
	42,35%	57,64%	79,44%	100%	0	20,56%	100%
AMV	6621	1424	8045	3456	352	3808	11873
	82,30%	17,70%	67,76%	90,76%	9,24%	32,07%	100%
Pontevedra	13323	3221	16544	6862	746	7608	24152
	80,53%	19,47%	68,50%	90,19%	9,81%	31,50%	100%
Galicia	46903	10409	57312	20208	2437	22645	79957
	81,84%	18,16%	71,68%	89,24%	10,76%	28,32%	100%


Fonte: INE, Estatísticas de variacións residenciais. IGE

B) Inmigración

A continuación analizaremos a inmigración seguindo o mesmo esquema que no caso da emigración. Tomando novamente a definición do IGE, as inmigracións para un ámbito xeográfico determinado son aquelas migracións con destino nese ámbito xeográfico e orixe fora do mesmo.



Evolución da inmigración en Soutomaior.
Anos 1990 a 2004




Fonte: IGE

Comezaremos pola análise da evolución da poboación inmigrante entre o período de 1990 a 2004. De forma semellante ao acontecido no caso da emigración, a inmigración experimentou variacións ao longo do período sinalado, como se observa na gráfica axunta, aínda que a tendencia experimentada foi dun claro aumento no número de persoas que ao longo dos 15 anos analizados fixaron a súa residencia no concello de Soutomaior. No ano 1990 o número de persoas que chegaron a Soutomaior foi de 70, mestres que no ano 2004 o número total de persoas inmigrantes chegadas a Soutomaior foi de 365. Ao longo do período producíronse suaves variacións, como se observa na gráfica, e é a partir do ano 1997 cando o crecemento aumenta de forma máis significativa.

En relación a evolución do fenómeno inmigratorio na AMV, é interesante sinalar o feito de que ambos territorios posúron traxectorias moi semellantes, como se observa na gráfica correspondente ao territorio metropolitano.

Evolución da inmigración na AMV.
Anos 1990 a 2004



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

A continuación analizarase a inmigración atendendo a súa procedencia, como no caso da emigración, estudarase a inmigración interna, diferenciando a que procede da mesma provincia daquela que ten orixe noutra provincia galega, e a inmigración externa, esta é a que procede doutra comunidade autónoma e do estranxeiro. Os datos son os correspondentes ao 2004.



Número de persoas inmigrantes e taxa de representación.
Ano 2004

Orixe	Inmigración interna			Inmigración externa			Total
	Da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Total	Doutra CCAA	Do Estranxeiro	Total	
Soutomaior	237	30	267	56	42	98	365
	88,76%	11,24%	73,15%	57,14%	42,86%	26,85%	100%
AMV	5994	1635	7629	2778	3820	6598	14227
	78,57%	21,43%	53,62%	42,11%	57,89%	43,38%	100%
Pontevedra	13323	3314	16637	5966	7145	13111	29748
	80,08%	19,92%	55,93%	45,50%	54,50%	44,07%	100%
Galicia	46903	10409	57312	18331	19366	37697	95009
	81,84%	18,16%	60,32%	48,63%	51,37%	39,68%	100%

Fonte: INE, Estatísticas de variacións residenciais. IGE

A inmigración interna en Soutomaior supón o 70,43% do total da inmigración, sendo o 26,85% a poboación que conforma a inmigración externa, provinte doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro. As diferenzas con respecto á AMV e Pontevedra son salientables, xa que nestes dous territorios a proporción entre a inmigración interna e a externa está repartida de forma máis igualitaria, sendo a porcentaxe de inmigración interna na AMV do 53,62%, e de 55,93% en Pontevedra, e de 43,38% e do 44,07%, respectivamente, para a inmigración externa. As porcentaxes de Galicia están máis cerca do de Soutomaior, sendo o total da inmigración interna do 60,32% e a externa é de 39,68%.

Analizando a inmigración interna, obsérvase como a maioría da poboación inmigrante o fai dende a mesma provincia de orixe, no caso de Soutomaior, en termos absolutos, 237 persoas (88,76%), fronte ás 30 (11,24%) que proveñen doutra provincia galega. Nos outros tres territorios incluídos na análise, as porcentaxes que representan a inmigración interna procedente doutra provincia galega están en torno ao 20%, case o dobre que no caso de Soutomaior.

En canto á procedencia da inmigración externa, Soutomaior recibe a maioría da súa poboación inmigrante doutras comunidades autónomas, 57,14%, mentres que o 42,86% provén do estranxeiro. Sen embargo, no caso dos outros tres territorios acontece que a poboación inmigrante ven na súa maioría do estranxeiro, especialmente no caso da AMV, onde a porcentaxe de persoas inmigrantes doutras comunidades autónomas é de 42,11% e de 57,89% do estranxeiro. No caso de Pontevedra a distribución é de 45,50% doutras



comunidades autónomas e 44,07% do estranxeiro. En Galicia, máis cerca á distribución comentada para Soutomaior, a porcentaxe de persoas inmigrantes que chegan doutras comunidades autónomas é de 48,63%, mentres que as que veñen do estranxeiro é de 51,37%.

C) Saldo migratorio

De seguido, analizarase o saldo migratorio (no sucesivo, SM), que segundo o IGE, para cada ámbito territorial, é a diferenza entre o total de inmigrantes e o total de emigrantes. Se o saldo migratorio posúe valores positivos indica que as entradas de poboación superan ás saídas, e ao contrario se é negativo. Tomaranse como anos de análise o 1992 e o 2003 e atenderase ao saldo migratorio interno e externo, segundo o esquema seguido anteriormente no estudio da emigración e a inmigración, diferenciando entre o saldo interno na mesma dentro da provincia e o saldo migratorio interno co resto e Galicia. Tamén se considerará o saldo migratorio externo con outras comunidades autónomas e co estranxeiro.

Os valores incluídos no cadro anterior, mostran como en Soutomaior, tanto no ano 1992 como no 2003, os saldos migratorios son negativos, producíndose un aumento entre ambos anos de máis de 45 puntos, pasando dun valor do -33 ao -78 entre eses dous anos. O saldo migratorio interno pasou dun valor negativo no ano 1992, -19, a un valor de 6 no ano 2003. O saldo interno intraprovincial é negativo no ano 1992, -5, pasando a acadar o valor positivo de 36 no ano 2003, de xeito que xa as persoas inmigrantes procedentes doutros concellos da provincia, superaron ás que emigraron cara eles. Sen embargo, as persoas que emigraron cara outra provincia galega, que xa superan no ano 1992 ás que chegaban a Soutomaior dende algún concello galego non pontevedrés (-14), aumentaran no ano 2003, ata acadar un SM interno con Galicia do -30.

No caso do saldo migratorio externo, pasouse dun valor do -14 no ano 1992 ao -84 no 2003, o que se traduce nunha maior cantidade de persoas que deixan o concello para residir fora de Galicia que as que o fan para residir no concello procedendo de fora da comunidade autónoma. O saldo migratorio externo con España tivo un valor de -22 no ano 1992 acadando o de -76 no 2003. No caso do saldo migratorio co estranxeiro, no ano 1992 se contaba en Soutomaior cun valor positivo do 8, de xeito que as persoas que emigraban cara ao estranxeiro eran menos que as que chegaban dende fora de España, mentres que no ano 2003, atopamos un saldo migratorio negativo, do -8.




Saldos Migratorios, internos e externos.
Anos 1992 e 2003

Tipo de Saldo Migratorio	Soutomaíor		AMV		Pontevedra		Galicia	
	1992	2003	1992	2003	1992	2003	1992	2003
SM Total	-33	-78	3397	9751	30821	68402	-21916	-53092
SM Interno	-19	6	1927	4456	18440	41944	-18209	-41888
SM Interno Intraprovincial	-5	36	1283	3402	15024	34642	-15024	-34642
SM Interno con Galicia	-14	-30	644	1054	3416	7302	-3185	-7246
SM Externo	-14	-84	1470	5295	1759	4079	6915	11175
SM Externo con España	-22	-76	844	1518	-49	-1274	607	-3627
SM Externo co Estranxeiro	8	-8	626	3777	1808	5353	6308	14802

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Como se recolle na táboa, o saldo migratorio na AMV e Pontevedra posúe valores positivos nestes dous anos de referencia, igualmente acontece en toda a tipoloxía de saldos migratorios reflectida na mesma. A única excepción corresponde a Pontevedra, que ten saldo migratorio positivo de tipo externo con España nos dous anos, é dicir, que o número de persoas que emigraron da provincia de Pontevedra cara España no ano 1992 foi maior que os que inmigraron en 49 persoas e no ano 2003 en 1274. No caso do conxunto galego a experiencia é similar a analizada en Soutomaíor, xa que nestes dous anos tódolos saldos migratorios recollidos teñen valores negativos, a excepción do saldo migratorio externo co estranxeiro, que tanto no ano 1992 como no ano 2003, foron positivos superando o número de inmigrantes ao de emigrantes, en 6308 e 14802 respectivamente. Este feito a nivel de Galicia ven determinado polo aumento da poboación emigrante retornada que está acadando nestes últimos anos un peso significativo na comunidade autónoma.





Para finalizar co estudo dos movementos migratorios en Soutomaior, a continuación analizarase a taxa de crecemento migratorio, que se define como a diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes con respecto a poboación total nun período determinado por cada 1.000 habitantes, de xeito que os valores positivos implican que a inmigración é maior que a emigración, polo tanto, valores negativos indican que as saídas de poboación superan ás entradas. Tomando este indicador é posible comparar cal é o comportamento dos movementos migratorios no concello de Soutomaior en relación a AMV, Pontevedra e Galicia. A gráfica representa que no ano 1991 o número de persoas emigrantes superaban ás inmigrantes, cunha taxa de -1,41%. No seguinte ano incluído na gráfica, 2001, a situación trócase, acadando unha taxa positiva de 10,93%, é dicir, que a inmigración supera á emigración, e aumenta, xa que no ano 2004 a taxa acadou un valor de 32,48%. O feito de que o saldo migratorio en Soutomaior acadase valores positivos e que se traducen nun importante peso da poboación inmigrante no concello, fronte á que o abandona, pode estar baseado nalgúns das súas características como a súa proximidade a Vigo, a situación da súa parroquia Arcade na costa, e tamén a proximidade á cidade de Pontevedra, que fan que Soutomaior sexa un concello atractivo, tanto á poboación inmigrante como en xeral, para fixar aí a residencia. O saldo migratorio de Soutomaior está por riba do de AMV, Pontevedra e Galicia, que comparten valores similares, sen que ningún deles supere o 6%, no último ano recollido na táboa. Así, no ano 2003, o valor da AMV era do 5,15%, o de Pontevedra, do 6,01% e en Galicia, acadouse un valor do 5,47%.

6.5. Nivel de formación da poboación.

A seguir, analizarase o nivel de formación da poboación a través das estatísticas extraídas do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, publicado polo INE e explotada polo IGE. Ademais, para o ensino non universitario, tomaranse datos publicados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



A) Nivel de estudos da poboación

En canto ao nivel de estudos da poboación, tómase a estatística do censo do 2001 que recolle a poboación de 16 e máis anos de idade en vivendas unifamiliares, segundo o sexo e o nivel de estudos. O cadro a seguir, mostra as porcentaxes correspondentes, para o conxunto da poboación de Soutomaíor e como se reparten as mesmas entre homes e mulleres. Os datos incluídos na seguinte táboa, mostran cómo un 3,65% da poboación de Soutomaíor non sabe ler nin escribir, sendo a porcentaxe de mulleres nesa situación significativamente maior á dos homes, 76,33% e 23,67% respectivamente. A porcentaxe de poboación que non acadou os 5 anos de escolarización foi do 21,50% da poboación, neste caso tamén superan ás mulleres aos homes aínda que dun xeito menos significativo, 58,33% de mulleres, e 41,67% os homes. O 33% da poboación non completou o Bacharelato elemental, ESO ou EXB, neste caso o reparto é moi igualitario entre homes e mulleres, 50,16% e 49,84% respectivamente. No seguinte nivel de estudos, Bacharelato superior, BUP/LOXSE, COU/PREU, encóntrase unha porcentaxe de poboación do 7,42%. Neste caso as mulleres superan aos homes, correspondéndolle unha porcentaxe do 52,62%, e aos homes 47,38%. No seguinte nivel contemplado, FPI, no que se encontra un 2,27% da poboación, as porcentaxes están moi igualadas, aínda que tamén é maioría a poboación feminina (51,43%). No caso do FPII, cun 4,08% da poboación total, o reparto entre os sexos é moi similar, aínda que é a poboación masculina a que acadou maioritariamente este nivel.

Nos niveis de estudos superiores, onde se atopan porcentaxes de poboación baixas, as mulleres son maioría significativa con respecto aos homes no caso do nivel de Diplomatura, Arquitectura e Enxeñería técnica, 65,81% fronte ao 34,19% da poboación masculina. No caso do nivel de licenciatura, onde se atopa un 2,22% da poboación, a distribución segundo sexo volve ser moi similar, correspondéndolle aos homes a porcentaxe do 49,51% e ás mulleres o 50,49%. E xa por último, en nivel de doutoramento (0,37% da poboación), a distribución é a seguinte, 66,67% homes e un 33,33% mulleres.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo en Soutomaíor.
Ano 2001

Nivel de estudos	Total	Homes	Mulleres
Non saben ler nin escribir	3,65%	23,67%	76,33%
Menos de 5 anos de escolarización	21,50%	41,67%	58,33%
Sen completar bacharelato elemental, ESO ou EXB	33,00%	50,16%	49,84%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE




Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo en Soutomaioir.
Ano 2001

Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	22,32%	54,26%	45,74%
Bacharelato Superior BUP/LOXSE, COU/PREU	7,42%	47,38%	52,62%
FPI, FP grao Medio, Oficialía industrial	2,27%	48,57%	51,43%
FPII, FP Grao Superior, Mestría Industrial.	4,08%	51,85%	48,15%
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	3,25%	34,19%	65,81%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	2,22%	49,51%	50,49%
Doutoramento	0,37%	66,67%	33,33%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

B) Taxa de analfabetismo

O analfabetismo da poboación mídese como a porcentaxe de poboación que sobre o total dun territorio determinado, non sabe ler nin escribir. Nesta ocasión analizarase o analfabetismo comparándoo coas porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, e tendo en conta a distribución entre sexos, neste caso sobre o total da poboación. En Soutomaioir a taxa total de analfabetismo no ano 2001 era de 3,65%, representando en termos absolutos a 169 persoas. A taxa sobre o total da poboación correspondente aos homes era de 23,67%, case 53 puntos por debaixo da taxa que posúe a poboación feminina, do 76,33%, 6 puntos por baixo da correspondente ás mulleres, que era de 7,61%. O número absoluto de homes era de 20, e o das mulleres de 109.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Ao comparar estas taxas cosas da AMV, obsérvase como ao conxunto do territorio AMV correspóndelle unha taxa de analfabetismo total de 1,59%, algo máis de 2 puntos inferior á de Soutomaioir.



No caso dos homes da AMV, a taxa é tamén menor que a correspondente a Soutomaior, sendo de 0,75%, e con respecto ás mulleres, tamén significativamente inferior á que experimenta o concello, xa que as mulleres que non saben ler nin escribir no conxunto de concellos da AMV é de 2,35%. As taxas correspondentes a Pontevedra e a Galicia, comparten valores similares aos da AMV, aínda que estes son sempre inferiores. Así, no caso de Pontevedra a taxa total é de 1,82% e en Galicia de 2,05%. No caso dos homes, á provincia correspóndelle un valor de 0,89% e a Galicia un valor lixeiramente superior, de 1,03%. As mulleres, como acontece en Soutomaior e na AMV, posúen unha taxa máis alta de analfabetismo, que é de 2,35% na provincia e de 2,98% na comunidade autónoma.

En canto a taxa de analfabetismo da poboación estranxeira segundo sexo no concello de Soutomaior, AMV, Pontevedra e Galicia. É salientable por un lado a diferenza con respecto á taxa total, que é superior en Soutomaior en torno aos 2 puntos con respecto aos outros tres espazos, 4,41% no concello, 2,25% AMV, 2,03% Pontevedra e 2,35% en Galicia. E tamén é salientable a distribución desa taxa entre os sexos, que é do 33,33% no caso dos homes e do 66,67% no das mulleres de Soutomaior, mentres que no caso da AMV, Pontevedra e Galicia, o reparto entre sexos é máis igualitario, aínda que sempre favorable aos homes.

C) Tipo de estudos da poboación

A seguinte táboa ofrece datos sobre a porcentaxe de poboación de 16 anos e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificables segundo tipo para o total da poboación do concello así como a súa distribución por sexo, no ano 2001. Os datos mostran que hai dúas categorías maioritarias, a de Formación técnica e industrias, 21,93% da poboación e ciencias sociais, 21,75%. Na primeira son maioría os homes (83,74%) fronte ás mulleres (16,26%), e na segunda ás mulleres aínda que con menos diferenza, 66,33% e 33,33%, respectivamente. O terceiro tipo de estudio maioritario é o de Saúde e servizos sociais, representando un 14,80% do total da poboación. Neste caso, as mulleres tamén son maioría, 74,70%, fronte aos homes, 25,30%. Como acontece noutros concellos, as mulleres están formadas en estudos que as capacitan para realizar actividades que teñen que ver cos servizos sociais é á comunidade, en maior porcentaxe que os homes, máis especializados en estudos relacionados coa industria e ocupacións técnicas. por exemplo, no tipo de estudos Maxisterio e educación infantil (12,83% da poboación), os homes representan o 20,83%, mentres que as mulleres son o 79,17%. E sen embargo, no tipo de estudos agrupados dentro da categoría enxeñerías, onde se atopa un 4,28% da poboación, os homes son o 75,00% e as mulleres o 25,00%. E de xeito similar acontece na categoría de informática, onde do 4,10% de poboación con estudos clasificados nesta categoría, un 65,22% son homes e as mulleres son o 34,78%. Sinalar por último, que unicamente unha persoa do sexo masculino posúe estudos de tipo Agricultura, gandería, pesca e veterinaria, representando o 0,18% do total da poboación.



Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo sexo e o tipo de estudos en Soutomaior.
Ano 2001

Tipo de estudos	Total	Homes	Mulleres
Dereito	1,78%	30,00%	70,00%
Maxisterio e educación infantil	12,83%	20,83%	79,17%
Ciencias sociais	21,75%	33,61%	66,39%
Artes e humanidades	5,88%	33,33%	66,67%
Informática	4,10%	65,22%	34,78%
Enxeñerías	4,28%	75,00%	25,00%
Formación técnica e industrias	21,93%	83,74%	16,26%
Ciencias	3,03%	47,06%	52,94%
Arquitectura e construción	1,07%	83,33%	16,67%
Agricultura, gandería, pesca e veterinaria	0,18%	100,00%	0,00%
Saúde, servizos sociais	14,80%	25,30%	74,70%
Outros servizos	8,38%	38,30%	61,70%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


D) Lugar de Estudo da poboación

A seguinte gráfica, amosa o lugar de estudo da poboación de Soutomaior non ocupada de 16 anos e máis, tendo en conta o sexo no ano 2001. A gran maioría da poboación, 49,74%, estuda noutro concello da provincia. No mesmo concello o fai unha porcentaxe do 27,30%. Nestes dous casos, obsérvanse diferenzas con respecto aos outros tres territorios, especialmente con respecto á AMV, onde o 65,18% estuda no seu concello de residencia, e un 17,41% noutro concello da provincia. No caso da poboación que estuda noutra provincia, Soutomaior é o espazo onde a porcentaxe de poboación é maior, 17,86%, comparada coa que o fai na AMV (11,11%), Pontevedra, (16,72%) e Galicia, (13,53%).



Poboación de 16 e mais anos non ocupada segundo sexo e lugar de estudo.

Ano 2001



Elaboración propia a partir de datos do IGE.

E) Educación non universitaria

No curso académico 2003/2004, Soutomaior dispón de catro centros de ensinanza non universitaria. Deles, 3 son de titularidade pública e 1 privada. Dos centros públicos, un deles imparte ensinanza de Educación infantil exclusivamente, outro educación infantil e primaria e no terceiro impártense educación infantil, primaria e secundaria. No centro privado impártense educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria. Dos 1187 alumnos e alumnas matriculados nestes centros de ensinanza, 663 o facían nos de titularidade pública e 524 nos privados, representando o 55,85% e 44,15%, respectivamente.

6.6. Vivenda.

Os datos referidos a situación da vivenda no concello de Soutomaior foron obtidos do IGE e proveñen do Censo de Poboación e Vivenda do ano 2001, realizado polo INE. Segundo o IGE, considérase vivenda ao “recinto estruturalmente separado e independente que, pola forma en que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas, ou, aínda que non fose así, constitúe a residencia habitual de alguén no momento censal”. Considérase edificio á “construción permanente, separada e independente, concibida para ser utilizada como vivenda ou para servir a fins agrarios, para a prestación de servizos ou, en xeral, para desenvolver calquera actividade” (administrativa, comercial, industrial, cultural, ...), e a definición de local que como a de vivenda, trátase dun “recinto estruturalmente separado e independente, que non está dedicado exclusivamente a vivenda e no que se levan ou se poden levar a cabo actividades



económicas dependentes dunha empresa ou institución. O recinto debe estar situado nun edificio, total ou parcialmente”.

A) Tipo de vivenda

O número total de vivendas no ano 2001 en Soutomaior era de 2176, representando o 1,13% do total de vivendas da AMV. Delas, 1712 era vivendas principais o que representa un 78,68%, o número de vivendas secundarias era de 83, o 3,81% do total. As vivendas baleiras eran 356, representado un 16,36% do total. O número de edificios era nese ano 1609 e o número de locais 151.


Das 1.687 vivendas principais no concello, 90 dispoñen de segunda vivenda, o que ben representar o 5,26%, sendo un 92,89% as que non dispoñen de segunda vivenda. Na AMV a porcentaxe de vivendas principais que dispoñen de segunda vivenda é de 10,94% por riba de Pontevedra, 9,24% e de Galicia, 10,71%.

B) Réxime de tenza da vivenda

En canto ao réxime de tenza da vivenda no concello, a forma maioritaria é o de propiedade por herdanza ou doazón, no que se atopan un total de 1.063 vivendas, o que ben representar o 63,60%. O segundo réxime de tenza maioritario no concello é o clasificado como “En propiedade por compra, totalmente pagada”, contabilizándose 460 vivendas. Seguen as clasificadas como “outras formas”, 100, representado o 5,93%. As vivendas en propiedade pendentes de pagamento son 35 (1,13%) e as que se atopan en aluguer son soamente 19 (1,13%).


Na gráfica que segue comparamos as porcentaxes que representan cada un dos réximes de tenza no concello, na AMV, Pontevedra e Galicia. Destaca a porcentaxe de vivendas clasificadas como “En propiedade por compra totalmente pagada”, que en Soutomaior representan o 36,74% sendo o principal, mentres que na AMV, Pontevedra e Galicia, comparten valores moi similares en torno ao 44%. O seguinte réxime maioritario e o de “en propiedade por herdanza ou doazón”, no que se encontran un 29,91% das vivendas do concello. A porcentaxe correspondentes a AMV e do 14,15%, e en Pontevedra e Galicia, do 20,81% e do 21,44% respectivamente. Un 7,89% da vivenda de Soutomaior encóntrase en réxime de alugueiro, o que supón case a metade a porcentaxe correspondente á AMV, 14,49%. En Pontevedra e Galicia ás porcentaxes de vivendas baixo este réxime de tenza é do 10,51%. Unha porcentaxe do 14,60% atópase clasificada noutras formas, por riba da AMV, 11,03%, Pontevedra, 10,52% e Galicia, 11,97%.





C) Principais problemas da vivenda e do contorno

Seguidamente analízanse os datos que teñen que ver coa calidade da vivenda e do seu contorno, analizados a través dos principais problemas identificados pola poboación. No concello o principal problema identificado é o da existencia de poucas zonas verdes, manifestado nun 51,31% dos casos, por riba da AMV, 46,33%, Pontevedra, 37,54% e Galicia, 30,75%. O seguinte inconveniente sinalado en Soutomaior e o das malas comunicacións, 32,13%, tamén por riba da AMV, Pontevedra e Galicia, que posúen as respectivas porcentaxes de, 39,34%, 26,34% e 21,34%. Cunha porcentaxe moi similar sinálase o problema da pouca limpeza nas rúas, 31,31%, neste caso, na AMV o sinalan unha porcentaxe maior de poboación que en Soutomaior, 48,86%, ao igual que en Pontevedra, 40,61%, e Galicia 30,50%. É de sinalar a porcentaxe de vivendas onde se sinala como problema a delincuencia ou vandalismo na zona, 7,24%, moi baixo comparado co correspondente á AMV, 23,93% e Pontevedra, 17,69%, en Galicia se sinalou nun 13,67% dos casos.




D) Residentes e tamaño medio da vivenda

Para finalizar a análise da vivenda no concello, terase en conta o número de residentes así como tamaño medio da mesma. Volvendo aos datos do Censo do ano 2001, en Soutomaior, a maioría das



vivendas contabilizadas son de tres residentes, representando o 24,07% por riba da AMV (22,25%) e Pontevedra (21,22%) e Galicia (21,76%). As vivendas de catro residentes, son o segundo grupo maioritario en Soutomaior, con un total de 360 vivendas, que representan o 21,03%, aínda que a AMV, Pontevedra e Galicia están por riba deste valor, compartindo porcentaxes similares, AMV 23,06%, Pontevedra 22,15% e Galicia un 19,74%.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

As vivendas de 2 residentes son o 20,56%, porcentaxe similar á AMV, 21,52%, Pontevedra, 20,94% e Galicia, 23,38%. As vivendas de 1 residente tamén representan porcentaxes similares no concello, 16,41%, e nos outros tres territorios, na AMV o 17,52%, en Pontevedra o 17,20% e algo máis en Galicia, 19,71%.


En canto ao tamaño medio do fogar, Soutomaior posúe un valor do 3,20 persoas por vivenda, sendo moi similar aos outros tres espazos, AMV, 3,24, Pontevedra, 3,1 e Galicia, 3,00.

7. MERCADO DE TRABALLO

A continuación ofrecemos os datos do mercado de traballo correspondentes a Soutomaior. Neste apartado analizaremos o comportamento das principais variables do mesmo, como son o nivel de actividade, ocupación e desemprego, contemplando a súa evolución e desagregación por sexo e sectores económicos.

Estes datos están sacados para o caso da actividade e ocupación, do Padrón municipal de habitantes de 1996 e do censo de poboación e vivenda do ano 2001, mentres que para o desemprego utilizáronse as estatísticas obtidas da Consellería de Traballo.



Evolución das taxas de actividade e ocupación
1996-2001

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

As Taxas de actividade e ocupación do concello estiveron medrando durante o período 1996-2001, o que fixo que os seus niveis se mantivesen nos da media da AMV, Pontevedra e Galicia. O aumento foi posible grazas ao importante incremento que experimentou a poboación ocupada do concello, que durante o período foi do 17,5%.

Un factor que inflúe sobre o valor das taxas de actividade e ocupación é o da evolución da poboación inactiva. Este colectivo soamente medrou nun 2,76%, o que posibilitou o crecemento das taxas. En canto á composición do mesmo, hai que dicir que os xubilados ocupan un lugar destacado, supondo o 40,06% dos inactivos. Na seguinte táboa está representada á poboación maior de 16 anos, atendendo á súa relación coa actividade, e nela pódese apreciar a distribución do grupo dos inactivos.


Características da poboación maior de 16 anos
Ano 2001

	Poboación maior de 16 anos	Activos	Ocupados	Inactivos					
				Total	Xubilados	Pensionistas	Estudantes	Tarefas do fogar	Outra situación
Homes	2.210	1.405	1.227	805	472	103	146	6	78
Mulleres	2.432	928	636	1.504	453	196	221	571	63
Total	4.642	2.333	1.863	2.309	925	299	367	577	141

Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE


Outro aspecto que inflúe na taxa actividade, para o caso das mulleres é o número de persoas dedicadas ás tarefas do fogar. Este colectivo acada unha porcentaxe do 37,97% das mulleres inactivas do concello e o 23,47% das mulleres maiores de 16 anos, estando por riba, incluso, do grupo de xubiladas.





Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

O número de desempregados do concello estivo variando, durante o período de xaneiro 2003 a xaneiro 2005, entre os 322 (agosto 2003) e os 431 parados (xaneiro 2004). Durante este período de tempo, as cifras de paro rexistrado estiveronse incrementando con respecto aos valores do ano anterior, tal e como se observa na seguinte gráfica.




Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

7.1. Actividade

A taxa de actividade do concello de Soutomaior situouse no 2001 no 50,26%, o que supuxo un aumento con respecto ao valor do 1996 de 1,98 puntos porcentuais. Este incremento foi inferior ao experimentado pola AMV, Pontevedra e Galicia, o que fixo que aumentaran lixeiramente as diferenzas con respecto aos valores da área metropolitana de Vigo, da provincia de Pontevedra e de Galicia que para o ano 2001 presentaban uns valores do 54,38%, do 52,69% e do 50,68%, respectivamente.






Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

O motivo de por que esta evolución non fose máis positiva hai que buscalo na evolución da taxa de actividade masculina, que no período reduciu o seu valor en 2,11 puntos porcentuais, mentres que as mulleres subían a súa taxa en 5,3 puntos. Con todo e isto, as taxas de actividade de homes e mulleres do concello de Soutomaior aínda están moi lonxe unhas das outras. Ademais, tal e como se observa na anterior gráfica, ao comparar este valor cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia, vese que a taxa de actividade feminina de Soutomaior ten un valor inferior ao do resto, o que é significativo dun menor nivel de incorporación da muller ao mercado de traballo do concello debido a unha deficiencia na oferta de postos de traballos dirixidos ao colectivo, ademais dun abandono das actividades agrarias tradicionais, onde se empregaba a maior parte das mulleres de Soutomaior.

Durante o período 1996-2001 produciuse un aumento da taxa de actividade de 1,98 puntos porcentuais, pasando dun valor do 48,28% ao 50,26%. As causas desta evolución hai que buscalas en varios condicionantes como son:

- O crecemento da poboación no período 1996-2001, que foi dun 2,40%, traducíuse, sobre todo, nun crecemento da poboación maior de 16 anos.
- O crecemento da poboación activa superou en número e porcentaxe ao da poboación inactiva.
- A actividade dentro do grupo de poboación feminino compensou con creces a caída da masculina e foi a causante do crecemento da taxa de actividade global.





Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


No que se refire a distribución da actividade entre sexos, tal e como se pode apreciar na anterior gráfica, existe unha grande desigualdade no mercado de traballo de Soutomaior, posto que a taxa feminina, a pesar de ter medrado no período, está máis de 25 puntos porcentuais por baixo da masculina. Así, no ano 2001 a taxa masculina estaba situada no 63,57%, mentres que a feminina tan só era do 38,16%.

Todas estas características conforman un mercado de traballo que, a pesar do crecemento experimentado, se atopa nuns niveis inferiores aos de Galicia, Pontevedra e AMV, e que ademais amosa unha serie de deficiencias, entre as que está o desequilibrio que hai entre a poboación masculina e feminina, o que conforma un mercado de traballo masculinizado onde as mulleres teñen menos posibilidades de atopar un traballo.

7.2. Ocupación


A taxa de ocupación no concello de Soutomaior, ao igual que a de actividade, experimentou un leve ascenso no período 1996-2001. Así, mentres que en 1996 estaba situada na cifra do 36,20%, no 2001 pasou ao 40,13%, o que supuxo unha regresión de 4,27 puntos porcentuais.





Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


Debido a este débil crecemento o diferencial coas medias metropolitana e provincial incrementouse, posto que as súas taxas experimentaron un crecemento maior durante o período. Deste xeito no 2001 a diferenza de taxas de ocupación era de 0,42 puntos con Galicia, 2,43 puntos con Pontevedra e 4,12 puntos coa área metropolitana de Vigo.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

A nivel de sexos, tamén se reproducen as diferenzas anteriormente comentadas con respecto ao entorno, sendo esta máis acusada para o caso das mulleres. Así, a taxa de ocupación masculina acadaba no 2001 a cifra do 63,57%, mentres que a feminina tan só supuña do 38,16% da poboación de mulleres maiores de 16 anos. Isto evidencia unha gran diferenza entre sexos, o que reproduce o anteriormente comentado para a taxa de actividade e supón o reflexo dun mercado de traballo con poucas oportunidades de emprego para as mulleres.





Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE


Por outra banda, se analizamos a ocupación por sectores de actividade económica pódese observar como o sector que ten un maior peso no emprego é o dos servizos, que no ano 2001 supuña o 56,33%. Este valor era moi similar ao que presentaban os de Pontevedra e Galicia, e lixeiramente por baixo dos valores da AMV.

O segundo sector que emprega un maior número de persoas no concello é o da industria, que supón o 25,52% da poboación ocupada. Por detrás del está o sector da construción de Soutomaior, que ocupa ao 12,01%.

Por último, as actividades da pesca e as agrogandeiras teñen un peso bastante reducido en Soutomaior, posto que só representan o 5,18% e o 1,23% dos ocupados. A porcentaxe de poboación ocupada na agricultura está por baixo das medias provincial e autonómica, onde se acadan o 4,16% e o 7,66%, respectivamente. Na área metropolitana de Vigo a agricultura e ganadería, posúe un peso menor dos ocupados, posto que este tan só supuña ao 1,05% dos mesmos.



Porcentaxe de poboación ocupada por sectores de actividade económica
1996 e 2001




Fonte: Padrón 1996 e Censo 2001. IGE

Pero esta situación é o froito dun proceso de varios anos nos que o concello estivo a mudar a súa estrutura produtiva, pasando dunha economía agraria ao que se pode considerar como un mercado do traballo terciarizado, onde as actividades relacionadas cos servizos teñen un peso moi importante no emprego. Así, durante o período 1996-2001 pódense observar dous profundos cambios na ocupación por sectores económicos do concello de Soutomaior:

- En primeiro lugar, hai unha perda de peso das actividades agrarias, que pasan de representar o 4,04% dos ocupados a tan só 1,23%. Un factor determinante neste proceso foi a crise da agricultura tradicional, que levou a que a poboación buscase traballo noutros sectores onde as retribucións son maiores.
- En segundo lugar, o sector dos servizos e a construción foron os que absorberon á maior parte dos ocupados que proviñan da agricultura. O sector servizos pasou de dar emprego ao 53,94% dos traballadores ocupados de Soutomaior, a empregar ao 56,06%, mentres que a construción pasou do 9,59% ao 12,01%.

Poboación ocupada por sectores económicos e sexos
Ano 2001




Fonte: Censo de poboación e vivenda 2001. IGE



No que se refire a distribución da poboación ocupada por sectores económicos e sexo, na anterior gráfica pódese ver como as diferenzas son bastante profundas entre homes e mulleres. Así, mentres que as mulleres case exclusivamente se ven relegadas ás actividades de servizos (67,49%), e en menor medida á industrial (22,91%), a dos homes está máis repartida entre servizos (50,04%), industria (26,89%) e construción (17,60%).

Por outra banda, analizando a poboación ocupada por situación profesional, obsérvase que a maior parte ten a condición de asalariada, posto que no ano 2001 o 82,86% dos mesmos realizaban un traballo por conta allea. Se comparamos esta cifra coas que presentan a área metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia, observamos como o seu valor se atopa por debaixo do da área (84,57%), pero por riba do de Pontevedra (80,20%) e do de Galicia (76,80%), o que nos indica a importancia do traballo asalariado no concello de Soutomaior.



Fonte: Censo de poboación e Vivenda. IGE


Dentro do colectivo de asalariados, a proporción de traballadores fixos é maior que a de eventuais, supondo os primeiros o 51,74% da poboación ocupada e os segundos o 31,13%. Polo que a temporalidade do traballo asalariado se sitúa nun nivel máis baixo que a da AMV (32,45%), Pontevedra (37,75%) e Galicia (35,67%).

Por outra banda, o empresariado representa o 16,87% dos ocupados do concello, cifra que está por riba da mostrada pola AMV (14,90%), pero por baixo dos valores de Pontevedra (18,82%) e Galicia (22,18%). Este empresariado adoita facer un traballo autónomo sen contratar persoal algún, posto que o 57,91% dos mesmos está dentro da categoría empresario que non emprega persoal, o que é indicativo dun tecido empresarial composto na súa maioría por microempresas.

Analizando a ocupación por situación profesional e sexo, podemos ver como o colectivo de ocupados homes é sempre maior en número o das mulleres, aínda que se nos fixamos na porcentaxe que representa cada unha das profesións dentro do colectivo, obsérvase como a proporción de mulleres empresarias é maior que a dos homes (17,34% fronte a 16,63%). Tamén se pode ver que as mulleres



de Soutomaior están sometidas a unha temporalidade moito maior que a dos homes, posto que no ano 2001 a porcentaxe de mulleres asalariadas que tiñan un contrato eventual era do 49,53%, mentres que a de homes era tan só do 31,30%.



No que se refire á poboación ocupada de Soutomaior por profesión, podemos ver como, en liñas xerais, os ocupados tenden a estar en grupos profesionais de media-baixa cualificación. Así o primeiro lugar ocúpalo os *traballadores/as de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores*, que representan o 20,34% dos ocupados. En segundo lugar atópanse os *operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores* co 19,38%, seguido dos *artesáns e traballadores/as cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería*, cun 19,22%. O resto das profesións, móvense nuns valores bastante discretos, sobre todo cando se trata de postos de dirección e técnicos, onde non se pasa do 10%.

Se estudamos a profesión da poboación ocupada por sexos, podemos apreciar grandes diferenzas. Así, no caso dos homes as profesións están máis relacionadas coa industria e os servizos, mentres que a das mulleres estano cos servizos, a industria e os postos técnicos. Para os homes, no ano 2001, as tres profesións máis representativas eran as de *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras*, cun 24,45% dos ocupados, os *operadores de instalacións e maquinaria, e montadoras*, cun 21,84%, e os *traballadores de servizos de restauración*, cun 15,48%. Mentres que para as mulleres as tres profesións que máis mulleres ocuparon no ano 2001 foron as *traballadoras de servizos de restauración*, cun 29,57% das ocupadas, as *operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras*, cun 14,71%, e as *técnicas e profesionais científicas e intelectuais*. Ademais, as mulleres teñen máis dificultades para chegar aos postos directivos, o chamado “teito de cristal”, posto que mentres que 106 dos ocupados homes desempeñan traballos de *dirección das empresas e das administracións públicas*, tan só 52 das ocupadas de Soutomaior chegan a este tipo de postos.



Desta análise da ocupación despréndense varias conclusións, como son:

- A taxa de ocupación experimentou un leve ascenso pero, a pesar disto, o diferencial con Pontevedra, Galicia e a AMV incrementouse no período 1996-2001.
- O diferencial entre as taxas de ocupación masculinas e femininas reduciuse nos últimos anos, pero as diferenzas seguen a ser grandes.
- O mercado de traballo a nivel sectorial conta cunha ampla man de obra empregada no sector servizos, o que o caracteriza como un mercado terciarizado.
- As profesións máis representativas do concello son as relacionadas co sector servizos e coa industria.

7.3. Desemprego

Os valores do paro rexistrado obtéñense do rexistro que a tal efecto existe nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e no Instituto Social de la Marina, onde os parados se poden inscribir para solicitar servizos de intermediación laboral, formación, prestacións, etc.

Estas estatísticas difiren das aportadas pola EPA debido a que mentres que estas resultan dunha estimación estatística, os primeiros son resultado dun rexistro no que por diversos motivos non todos os colectivos se inscriben (por ter unha baixa expectativa de acceder ao traballo), ou determinados desempregados non son computados como parados (os estudantes de ensino oficial menores de 25 anos, demandantes dun emprego por período inferior a tres meses, demandantes con xornada semanal menor de 20 horas ou traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego). Na EPA, en cambio, considéranse paradas a tódalas persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego ou que xa atoparon traballo e están á espera de incorporarse ao mundo laboral.

Tendo en conta isto, decantámonos por coller os datos do desemprego proporcionado polas oficinas de emprego da Xunta de Galicia debido á súa mellor accesibilidade é ao feito de que os datos da EPA ao seren o resultado dunha enquisa, non se poden obter a escala local. Así é todo, os datos cos que traballamos supoñen un bo indicador da composición e da evolución do desemprego no concello de Soutomaior.

Para proceder ao análise do desemprego no concello imos estudar os datos dende varios puntos de vista:


- Dende un punto de vista temporal, no que se analizará a súa evolución ao longo dos anos 2003 e 2004, así como a súa porcentaxe de variación con respecto ao mesmo mes do ano anterior.



- Dende un punto de vista espacial, no que se compara a evolución da cifra de desemprego de Soutomaior coas da área metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia.
- Dende a perspectiva dos sexos e da idade dos demandantes.
- Dende un punto de vista sectorial, no que se estuda o sector de actividade de onde proveñen os desempregados.

No concello de Soutomaior o desemprego experimentou numerosos altos e baixos durante os dous últimos anos, alcanzando o seu máximo absoluto en xaneiro do 2005, con 431 desempregados, e o seu valor mínimo en agosto de 2003, con 322 desempregados. Durante este período, o desemprego experimentou un crecemento, pasando dos 358 desempregados do mes de xaneiro de 2003, aos 431 do mes de xaneiro de 2005, o que significa un incremento de 73 persoas parados, en termos absolutos, e do 20,39%, en termos relativos.

Evolución do paro rexistrado
xaneiro 2003-xaneiro 2005




Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Na gráfica anterior podemos observar como a evolución do desemprego presenta unha marcada estacionalidade que fai que descenda o volume de anotados nas oficinas do INEM durante o período que vai de abril a setembro, tendo os seus mínimos nos meses de agosto e setembro, para volver a remontar nos meses do outono e inverno e acadando os seus máximos nos meses de febreiro e marzo.




Comparación do número de parados rexistrados
xaneiro 2003-décembro 2004



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Ao compararmos os valores do desemprego nos anos 2003 e 2004, pódese comprobar como as cifras de paro rexistrado de 2004 foron superiores as de 2003, o que ven a significar unha tendencia alcista durante todo o período. Nos dous anos tamén se aprecia a estacionalidade do paro, tal e como se comentou no parágrafo precedente.


Comparación da evolución do paro rexistrado
(base xaneiro 2003)
xaneiro 2003-xaneiro 2005



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC


Na gráfica anterior represéntase a comparativa das evolución do desemprego coa área metropolitana, a provincia de Pontevedra e a comunidade autónoma de Galicia. Para iso tomouse como dato de referencia o do desemprego de xaneiro de 2003, co que se obtén a variación en termos relativos das cifras de desemprego nos catro territorios. Así pódese observar como nos catro territorios a evolución das cifras de paro rexistrado tivo un comportamento moi semellante, agás para as cifras do ano 2004 do concello de Soutomaior, no que a evolución do paro rexistrado foi claramente peor neste concello.



Evolución do desemprego por sexos
xaneiro 2003-xaneiro 2005

Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Ao estudar a distribución e evolución do desemprego do concello de Soutomaior por sexos, pódese observar como en todo o período as cifras de paro femininas estiveron sempre por riba das masculinas. As diferenzas entre estes dous grupos da poboación mantivéronse máis ou menos estables no período, supondo a poboación parada masculina, como media, preto do 55% da poboación parada feminina.


Evolución do paro por tramos de idade
xaneiro 2003-xaneiro 05

Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

No que atinxe á idade dos demandantes de emprego, obsérvase que o colectivo de persoas maiores de 25 anos é o que presenta un maior número de desempregados, cousa bastante normal se temos en conta a dimensión do colectivo. Así no ano 2003 o grupo de persoas de entre 25 e 64 anos representaba o 49,51% da poboación total, mentres que a mocidade de entre 15 e 24 anos só supuña o 12,42%. Polo tanto, de ter en conta as taxas de paro por grupo de idades poderíase observar que estas son máis altas para os mozos e mozas de Soutomaior que para o resto de idades, posto que o peso relativo do paro neste colectivo é maior.



Evolución do paro por sectores económicos
xaneiro 2003-xaneiro 2005



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Analizando a evolución do desemprego por sectores de actividade económica, pódese ver como os parados que proveñen do sector servizos son os que teñen un maior peso dentro do global. Ademais na súa evolución pódese apreciar unha marcada estacionalidade, que tal e como se apreciou en gráficas anteriores está producida polos ciclos de actividade dos servizos. Os desempregados que proviñan deste sector chegaron a representar o 50,41% do total no ano 2004.

O seguinte grupo de parados en importancia é o dos que proceden da industria. Este colectivo representaba no ano 2003, como media, ao 23,63% dos desempregados soutomaiorenses, e no 2004 ao 21,14%, o que supuxo unha perda de peso relativo dentro do paro rexistrado.

Por detrás deste estaba o grupo dos cualificados como *sen emprego anterior*, no que se engloba a todas aquelas persoas que se incorporan por primeira vez ao mercado de traballo, así como aquelas outras que, habendo traballado algunha vez, fai tempo que non o fan e non teñen unha cualificación onde clasificalos á hora de solicitar un emprego. Este colectivo chegou a representar no 2004 o 15,7% dos parados totais.

A bastante distancias destes, atópanse os grupos de parados que proveñen da construción e da agricultura e gandería, o cales tiveron uns valores que se mantiveron por baixo da cifra dos 50 desempregados.

A modo de conclusións poderíamos resaltar dúas características da poboación desempregada do concello que axudan a comprender a súa composición e evolución:

- O grande peso que ten o sector servizos dentro do emprego e a temporalidade dos seus contratos fai que a evolución das cifras de paro estean marcadas por unha elevada estacionalidade.



- O problema do desemprego ten unha especial incidencia nas mulleres e na poboación madura, pero a poboación moza é a que soporta as taxas de paro máis altas.

7.4. Promoción do Emprego

Nas últimas décadas, e motivado pola difícil situación do mercado do traballo, véñense desenvolvendo un conxunto de medidas para fomentar o emprego, dando prioridade ás medidas activas e preventivas sobre as pasivas e correctivas. Estas políticas activas concíbense como instrumentos para desenvolver a inserción laboral dos desempregados, a través de incrementar o nivel formativo da poboación activa, favorecer a adaptación da oferta de profesionais ás demandas de emprego existentes, fomentar a información e o asesoramento para a consecución de emprego e promover e incentivar a iniciativa empresarial e a contratación.

A nivel local, as directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia de “implantar un dispositivo que axude a promover iniciativas e articular mecanismos para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego a nivel local desde a perspectiva de que existen novos filóns de emprego non explotados susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego”.

A) Actividades desenvolvidas en relación as políticas activas de emprego

O concello de Soutomaior non conta con ningún técnico de emprego pero a través dun convenio de cooperación coa Deputación Provincial de Pontevedra ten a oportunidade de que un técnico de emprego deste organismo se desprace unha vez por semana (os mércores pola mañá) ao concello para desenvolver actividades relacionadas coas políticas activas de emprego como son:

- Prospección dos recursos ociosos e infrautilizados no territorio, identificando novas actividades económicas susceptibles de xerar proxectos empresariais de promoción económica, así como iniciativas innovadoras que creen emprego.
- Elaboración e posta en práctica de plans de actuación que contribúan á dinamización socioeconómica no seu ámbito de influencia a prol da iniciativa emprendedora e da creación de emprego.
- Difusión e estímulo dos potenciais proxectos de creación de novas unidades produtivas entre desempregados, promotores e emprendedores, así como entre as posibles institucións colaboradoras.



- Acompañamento técnico dos proxectos emprendedores que xurdan no territorio na fase do seu lanzamento, así como dos promotores, durante as primeiras etapas de funcionamento das novas empresas, para facilitala súa consolidación como negocios sostibles que xeren postos de traballo.
- Asesoramento aos desempregados, en estreita coordinación con outras unidades do Servicio Público de Emprego de Galicia, así como con outros organismos da Administración Autonómica, para propiciar un maior coñecemento dos servizos e instrumentos existentes en favor da súa inserción laboral e do seu desenvolvemento profesional.

Por outro lado, no concello de Soutomaior desenvolveuse un proxecto de escola obradoiro entre decembro do 2000 e decembro do 2002 e que tivo como entidade promotora á Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Na escola obradoiro “Camiño de Santiago-Soutomaior/Pontevedra” realizouse o acondicionamento dunha área de descanso na Ballota e na praia fluvial da Xunqueira, así como a recuperación dos tramos I, II e III do camiño portugués (Arcade, Pontesampaio e Canicouva). Polo proxecto pasaron 48 desempregados menores de 25 anos que recibiron formación nas especialidades de albanelaría, cantería, carpintaría e xardinaría-medio ambiente.

B) Axudas e subvencións para a creación de emprego

En canto a axudas e subvencións en materia de emprego, o concello de Soutomaior non ten ningunha liña propia, pero a técnica de emprego asesora e xestiona as que ten a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, da Consellería de Traballo. Estas axudas están dentro das políticas activas encamiñadas a crear máis e mellores postos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste contexto, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego planifica, coordina e xestiona diversos programas nos seguintes ámbitos:

- Incentivos á contratación por conta allea.
- Apoio a emprendedores: autónomos, economía social e iniciativas de emprego.
- Programas de cooperación.
- Escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Programa Labora: Xuventude con experiencia.
- Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica.



C) Accións de desenvolvemento rural

O concello de Soutomaior está dentro do ámbito de actuación do PRODER II, que xestiona a Asociación de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade de Vigo (ADR). Este proxecto basease na nova política europea de desenvolvemento rural, que propón establecer un marco coherente e duradeiro que garanta o futuro sostible das zonas rurais e contribúa ao mantemento e creación de emprego. Polo que se estableceu unha estratexia de desenvolvemento que persigue no seu conxunto un equilibrio territorial, medioambiental e socioeconómico.

Para iso a ADR considerou oportuno apostar firmemente pola utilización de novos coñecementos e tecnoloxías no medio rural, xa que na actualidade nos atopamos nos limiares dunha nova revolución industrial. Polo que a estrutura adoptada parte de tres liñas directrices, interrelacionadas entre si e desenvolvidas en cinco ámbitos de actuación que se materializan a través de 10 actuacións diferentes que dan finalmente lugar a 20 accións concretas:

- *Liña directriz 1* - “Rede rural para o desenvolvemento das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (NTICs)”
 - Fomento do uso destas NTICs entre a poboación en xeral e as empresas, facilitándolle instrumentos, medios e asistencia.
- *Liña directriz 2* - “Mellora da competitividade mediante o uso das NTICs”
 - Reforzo das actividades existentes, incidindo nos subsectores agroforestal, turístico e comercio.
 - A creación de novas actividades mediante a potenciación dos sectores que están emerxendo na sociedade debido aos cambios nos modos de vida (acceso da muller ao emprego, maior tempo de ocio, avellentamento da poboación, maior concienciación pola natureza, aparición de novos mecanismos de acceso ao traballo, etc.).
 - Reforzo da identidade do territorio, realizando accións de promoción e valorización dos recursos, debido á variedade de espazos naturais, tradicións e patrimonio que posúe a área e que aínda están sen explotar.
- *Liña directriz 3* - “Servizos de proximidade”
 - Un proxecto piloto baseado nos teleservizos económicos-administrativos, dando prioridade ao acceso á información pública, ás transaccións en liña coas administracións, aos procedementos de contratación dixital e aos servizos sociais e culturais.



O obxectivo principal é conseguir un desenvolvemento sostido dos espazos rurais da Área de Vigo a través dun enfoque global e integrador que evite as disparidades territoriais que se están producindo. Si ben, este obxectivo xeral se pode concretar nuns máis específicos que se detallan de seguido:

- Reducir o illamento que sofre a poboación do medio rural, así como axudar a diminuír os desequilibrios espaciais.
- Afianzar as relacións tanto económicas como sociais.
- Revalorizar os recursos endóxenos das distintas zonas que conforman a área de Vigo tendo en conta as especificidades de cada unha delas.

8. ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS

Neste apartado imos estudar a economía e os sectores de actividade económica do concello de Soutomaior dende a perspectiva da renda dos seus habitantes e do número e tamaño das empresas que realizan a súa actividade no concello. Para iso empregouse a información estatística sacada do servizo estatístico do IGE, referida a número de empresas e tamaño das mesma (central de balances), así como ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os apartados nos que se estrutura esta sección son os seguintes:

- Nivel de renda, onde se analiza os principais indicadores de renda do concello, comparándoos cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Estes indicadores están sacados do imposto da renda das persoas físicas, do que se obtén o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramo de base imponible do imposto, o rendemento medio declarado e a procedencia das rendas declaradas.
- Sectores produtivos e actividades económica, no que se fai unha análise, sector por sector, das actividades empresariais máis características do concello.
- Análise dun sector característico do concello.

8.1. Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento

Para o nivel de renda do concello de Soutomaior empregáronse as estatísticas do imposto da renda das persoas físicas subministradas polo IGE. Estas estatísticas correspóndense cos exercicios fiscais que van do ano 1999 ao 2003 e nelas podemos observar o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramos renda, o rendemento medio declarado no concello e a procedencia das rendas obtidas (traballo, actividades empresariais, actividades profesionais e outros). Os datos obtidos son un indicador dunha porción da renda do concello (a que se declara no imposto da renda)




e polo tanto permítenos ter unha referencia sobre o nivel de riqueza, ademais de poder facer comparacións coa AMV, Pontevedra e Galicia, pero hai que ter en conta que dentro do imposto da renda hai importantes conceptos de renda que non están dentro do feito imponible e que polo tanto non están recollidos dentro da definición de base imponible, como son as pensións de invalidez, viuvez ou orfandade, entre outras.

En canto aos outros parámetros de desenvolvemento, aquí imos empregar os índices calculados polo servizo de estudos económicos de La Caixa, como son o nivel económico e os índices de actividade, entre os que están o índice turístico, o índice de restauración e bares, o índice industrial, o índice comercial e o índice de actividade económica.

A) Nivel de renda

O Concello de Soutomaior tiña 1945 declarantes no ano 2003 o que supuña o 1,1% das persoas declarantes da área metropolitana. Esta cifra estivo a medrar nos últimos anos, pasando dos 1709 do ano 1999, aos 1945, anteriormente comentados, do ano 2001, o que supuxo un crecemento de 236 persoas, é dicir, un 13,81%.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Se analizamos a distribución por tramo de renda das persoas declarantes de Soutomaior, podemos observar como a maior parte dos mesmos está nos tramos máis baixos de renda, o que é indicativo dun nivel de riqueza baixo. É dicir, o 61,86% das persoas que fixeron a súa declaración do ano 2003 teñen unha base imponible inferior aos 12.000 €, feito que non pasa no territorio da AMV, nin en Pontevedra o Galicia, onde a porcentaxe de declarantes que están por debaixo desta renda non chega ao 60%. Deste xeito o rendimento medio declarado no concello de Soutomaior está por baixo da media da área metropolitana e de Galicia, situándose en 12.119,99 €, o que supón o 76,70% da AMV, o 84,28% de Pontevedra e o 87,18% da galega.



Porcentaxe de rendementos declarados segundo a súa procedencia
Ano 2003



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Por outra banda, se nos fixamos na procedencia das rendas do concello, tal e como se aprecia na gráfica anterior, podemos observar como máis do 80% das mesmas proceden do traballo, valor este que está moi parello ao da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Por detrás del, pero xa a moita distancia, están os ingresos de actividades profesionais e os cualificados como outros, nos que se recollen os producidos pola cesión ou arrendamento de bens ou capitais, entre outros, e que supoñen o 6,94% e o 6,8% da renda declarada, respectivamente. Por último as rendas que proveñen de actividades empresariais están no 3,58%.

B) Outros parámetros de desenvolvemento

Os parámetros de desenvolvemento do concello de Soutomaior foron os seguintes:

Outros parámetros de desenvolvemento
Ano 2003

Concello	Soutomaior	Pontevedra	Galicia
Nivel económico	3	4	4
Índice industrial	6	1792	6159
Índice comercial	10	2085	6088
Índice comercial polo xunto	11	2294	6347
Índice comercial polo miúdo	9	1962	5936
Índice de restauración e bares	10	2056	6499
Índice turístico 2003	4	1137	3095
Índice turístico 1998	3	1158	2959
Índice actividade económica 2003	7	1763	5484
Índice actividade económica 1998	8	1765	5679

Fonte. Anuario económico de España. Servicio de estudios de La Caixa



Nivel económico

No anuario económico do 2005, o servizo de estudos económicos calcula o nivel económico por concello tendo en conta o nivel de renda do mesmo e outros parámetros de desenvolvemento (liñas telefónicas, liñas RDSI e ADSL por habitante, proporción de poboación con estudos superiores sobre, proporción de poboación en postos de traballo cualificados, taxa do total de demandas de emprego sobre a poboación de 15 e máis anos, distancia media de cada concello á súa cabeceira da área comercial ou prezo medio do metro cadrado da vivenda). Estes datos correspóndense co ano 2003.

Este índice ten 10 niveis diferentes:

Niveis	Renda familiar dispoñible por habitante, en euros
1	Ata 7.200
2	7.200 - 8.300
3	8.300 - 9.300
4	9.300 - 10.200
5	10.200 - 11.300
6	11.300 - 12.100
7	12.100 - 12.700
8	12.700 - 13.500
9	13.500 - 14.500
10	Máis de 14.500

O concello de Soutomaior ten un nivel económico de 3, o que o sitúa no estrato de 8.300 a 9.300 euros, por debaixo do da provincia e da comunidade autónoma, que están no nivel 4.

Índice turístico

Índice comparativo da importancia turística de cada concello, referido a 2003. Obtense en función da cota ou imposto de actividades económicas (IAE), que se basea á súa vez na categoría dos establecementos turísticos, número de habitacións e ocupación anual (todo ou parte do ano); polo que constitúe practicamente un indicador da oferta turística.

O valor do índice indica a participación (en tanto por 100.000) que corresponde a cada municipio sobre unha base nacional de 100.000 unidades (total euros recadación imposto = 100.000).

Para o concello de Soutomaior este índice acadou un valor de 4, o que indicativo dun certo potencial que presenta o concello no sector.

Índice de restauración e bares



A importancia das actividades de restauración e bares (restaurantes, cafeterías, bares, etc.) mídese tamén de xeito comparado (entre comunidades autónomas, provincias e concellos), a través de números índices. O índice de restauración e bares calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE para o ano 2003. A base do mesmo é total nacional equivalente a 100.000 unidades, de xeito que se reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) do concello dentro do global nacional.

Este índice acadou un valor de 10 no ano 2003, que comparándoo cos valores de Pontevedra e Galicia, dámonos conta do pouco peso do concello no contexto, xa que sobrepasaron nestes dous territorios os 2000 e 6000 puntos, respectivamente.

Índice industrial

Índice comparativo da importancia da industria (incluída a construción) referido a 2003. Calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE da industria (incluída a construción) e ten como base 100.000 unidades, de tal xeito que o valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da industria do concello dentro do total de España.

O valor deste índice no concello de Soutomaior foi de 6, o que ven a representar a baixa actividade industrial que ten o concello e o pouco peso do mesmo a nivel provincial e autonómico, posto que para Pontevedra e Galicia, o índice superou os 1700 e 6000 puntos, respectivamente.

Índice comercial

O índice comercial subdivídese en dous índices:

- Índice do comercio polo xunto
- Índice do comercio polo miúdo

Estes índices calcúlanse en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE correspondente ao ano 2003 do comercio polo xunto (índice do comercio polo xunto), do comercio polo miúdo (índice do comercio polo miúdo) e do comercio polo xunto e polo miúdo conxuntamente (índice comercial). O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da actividade comercial do concello con respecto ao global estatal.

O índice comercial do concello é de 10, mentres que o do comercio polo xunto era de 11 e o do comercio polo miúdo do 9. Este valor ven indicar a pouca importancia do mesmo no contexto provincial e autonómico, posto que en Pontevedra acadáronse valores que roldan o 2000 e en Galicia a cifra están en torno ao 6000.

Índice de actividade económica



Índice comparativo da actividade económica municipal do ano 2003. Obtense en función do imposto correspondente (IAE) ao total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais. O valor do índice expresa dita importancia da actividade económica sobre unha base nacional de 100.000 unidades, equivalente ao total de ditas cotas tributarias empresariais e profesionais.

En Soutomaior o índice acadou no ano 2003 un valor de 7, moi lonxe dos presentados por Pontevedra e Galicia, que superaron os 1700 e 5600 puntos, respectivamente. Isto é indicativo do pouco peso relativo da actividade económica do concello dentro do contexto provincial e autonómico.

8.2. Sectores produtivos e actividade económica

Para estudar os sectores produtivos e a actividade económica do Concello de Soutomaior botouse man das estatísticas do directorio de empresas do IGE, no que se recollen as empresas con sede social en Galicia ou fóra de Galicia que realizan algunha actividade económica no noso territorio. Para iso, as estatísticas recollen información do Imposto de actividades económicas (IAE), do Rexistro Mercantil e do rexistro de contas de cotización e autónomos da seguridade social. Polo tanto non se recolle información sobre determinados sectores ou actividades económicas, como son a agricultura, gandería, caza, silvicultura, pesca e administración pública. Para analizar este sector empregouse o censo agrario de 1999, onde se recolle información diversa sobre as explotacións que o integran.

A pesar diso, as estatísticas do IGE proporcionan unha información relevante sobre o número de empresas e o tamaño de cada delas por estrato de asalariados, o que nos vai dar un indicativo da importancia relativa de cada un dos sectores de actividade económica.




O Concello de Soutomaior contaba no ano 2003 con 351 empresas, o que representa o 1,16% do número de empresas da AMV. Isto é bastante significativo do pouco peso que ten a economía do



concello dentro da área. Malia isto, o número de empresas mantivo unha tendencia alcista durante o período 1999-2003, incrementándose en 29 novas entidades, o que supón un crecemento do 9,01% e representa unha pequena alza na actividade do concello.

A maior parte destas empresas están dentro do sector servizos, que aglutina a 278 empresas, e representa o 79,20% do total. Aínda así, esta proporción é inferior as manifestadas pola área metropolitana (81,16%), pero superior as de Pontevedra (78,42%) e Galicia (77,74%). Por detrás, está a construción, con 50 empresas o que supón o 14,25% das empresas do concello. E por último, a industria, que conta con 23 empresas e representa o 6,55% do empresariado.



Fonte: central de balances. IGE

Ademais do número de empresas tamén é importante determinar o tamaño das mesmas. Neste senso cabe dicir que, no ano 2003, o 96,58% das entidades empresariais de Soutomaior tiñan un tamaño que as podería catalogar como microempresas (0 a 9 asalariados), e o 3,42% restante tiña a catalogación de pequena empresa (10 a 49 asalariados).

Por outra banda, se nos fixamos na forma xurídica das empresas, temos que os autónomos son maioría, representando o 58,12% do total. Mentres que as sociedades limitadas, que é a outra forma que adoita escoller o empresariado do concello, supuña o 33,90%. Ademais, había 4 S.A., 4 cooperativas e 20 empresas con outra forma xurídica.

Resumindo, se queremos caracterizar á empresa tipo do concello de Soutomaior, teríamos que dicir que se trata dun autónomo que realiza unha actividade englobada no sector servizos e que ademais a penas contrata traballadores. Isto trae como resultado un entramado empresarial de pequeno tamaño e cun mercado moi reducido, sendo a escala de actuación practicamente local.



A) Sector primario

O sector primario comprende as actividades de extracción directa de bens da natureza, sen transformacións. Normalmente, enténdese que forma parte do sector primario a minaría, a agricultura, a gandería, a silvicultura e a pesca.

Para analizar este sector empregáronse os datos do censo agrario de 1999, que aportaron información sobre número de explotacións, idade dos titulares e composición da cabana gandeira. Tamén se empregaron os datos da consellería de medio ambiente para os datos referidos ao sector forestal, así como os datos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para os referidos á pesca e os datos da Consellería de Innovación e Industria, para os datos sobre a minaría.

Pesca

A actividade pesqueira constitúe o principal subsector do sector primario dando emprego a 97 persoas, que supón o 5,18% das persoas ocupadas do concello de Soutomaior.


A maior parte destes traballadores están asociados á confraría de pescadores de Virgen del Carmen de Arcade. Na confraría realízanse todas as xestións administrativas necesarias para as actividades pesqueiras e marisqueiras dos seus socios. Ademais ofrece asesoramento e formación para os traballos de semicultivo así como asistencia técnica.

As principais especies que se venden na lonxa da confraría de Arcade son: a anguía, a ameixa (fina e xapónica), o berberecho e o camarón. No ano 2005 vendéronse na lonxa 120.107 quilos de peixe que acadaron un valor de mercado de 1.085.280 €.

Agricultura e gandería

No ano 1999, o censo agrario de Soutomaior, indicaba que había unhas 675 explotacións dedicadas as labores agrogandeiras, empregando a 1208 persoas entre titulares (653), cónxuxes (422) e axudas familiares (133). O 99,71% destas explotacións teñen terras para o desenvolvemento da súa actividade, e o 0,29% carecen de terras e polo tanto desenvolven a súa actividade en cortes (granxas avícolas e porcinas fundamentalmente). Este dato choca nun principio co aportado polo censo de poboación e vivenda do ano 2001, onde se dicía que había 23 persoas empregadas na agricultura, pero hai que ter en conta que estas dúas fontes empregan unha metodoloxía distinta e dentro do número que manexa o censo agrario hai moitas persoas que fan da agricultura unha fonte secundaria de ingresos ou que están xubiladas e aínda manteñen unha certa actividade agrogandeira.






Fonte: Censo agrario. INE

En canto aos titulares das explotacións, cabe salientar que o 69,83% dos mesmos teñen unha idade superior aos 55 anos, sendo ademais o 41,81% persoas con máis de 65 anos. Se a isto lle sumamos o feito de que tan só o 2,14% dos titulares das explotacións teñen menos de 34 anos, obtense un panorama onde se está a producir un avellentamento da poboación dedicada ás labores agrarias, ademais do feito de que non existe un relevo xeracional da mesma, o que trae consigo unha situación de abandono das tarefas agrarias e un transvase de emprego cara a outros sectores económicos como poden ser os servizos ou a construción. Este transvase vense producindo dende os anos 70 pero tivo especial incidencia na década dos 80 e 90, coincidindo coa crise demográfica do medio rural.

Soutomaior conta cunha cabana gandeira de 272 cabezas, onde o gando aviar ten un peso moi importante, posto que o 41,54% do gando pertence a este grupo. A estes, séguenlle os bovinos e os porcinos cun 19,12%, e un 18,75%, respectivamente. O resto das especies teñen unha importancia bastante residual, constituíndose na maioría dos casos en actividades complementarias da explotación gandeira, é dicir, son unha fonte máis de autoabastecemento.



Fonte. Censo agrario. INE



En conclusión poderíamos dicir que o sector agrogandeiro de Soutomaior ten un marcado carácter de subsistencia, xa que as explotacións adoitan ter un tamaño pequeno e as súas producións non están orientadas cara o mercado, senón que o fan cara o mantemento da propia explotación.

Forestal

No que se refire o réxime de propiedade da terra, hai que dicir que a fórmula maioritaria no concello é a de monte mancomunado, que ocupa o 46% da superficie total do concello.

Número e superficie das comunidades de montes veciñais en man común

Concello	Nº CMVMC	Superficie HA.	% respecto á súa superficie
Soutomaior	16	1.152,00	46,08

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Medio Ambiente. Ano 2003

As comunidades de montes veciñais en man común que existen no concello están xestionadas polos veciños dos 16 núcleos de poboación que existen.

A especie arbórea máis estendida no concello é o eucalipto e a maioría dos traballos forestais realizados en Soutomaior son levados a cabo por empresas de fora.

No concello existen dúas empresas que desenvolven traballos relacionados co sector forestal, dedicándose as dúas a realizar actividades de *explotación forestal e/ou almacenistas de madeira*. Os dous teñen a sede da súa actividade na parroquia de Soutomaior.


Minaría

Segundo datos subministrados pola Consellería de Innovación e industria, no concello de Soutomaior só existe unha explotación mineira dedicada á extracción de granito ornamental.

B) Sector secundario

O sector secundario refírese ás actividades que implican transformación de alimentos e materias primas a través dos máis variados procesos produtivos. Normalmente inclúense neste sector a siderurxia, as industrias mecánicas, a química, o téxtil, a produción de bens de consumo, etc., así como, a construción, aínda que, debido á súa importancia, se pode contabilizar aparte. Neste apartado imos facer unha análise do sector desagregando os datos polos subsectores da industria e da construción, e analizando o número de empresas, tamaño e emprego xerado.



Número de empresas do sector secundario
1999-2003

Fonte: central de balances. IGE

No ano 2003 o sector secundario contaba con 73 empresas, repartidas da seguinte forma: a construción contaba con 50 empresas, e a industria con 23. Ademais o sector secundario estivo a medrar no período 1999-2003, pasando de 58 a 73 empresas, o que supuxo un crecemento relativo do 25,86%.

Industria

A industria do concello de Soutomaior estaba conformada, no ano 2003, por 23 empresas que aglutinaban ao 25,52% de emprego do concello e representaban o 6,55 % do censo empresarial. Este subsector estivo medrando no que se refire ao número de empresas, sendo a taxa de crecemento do 9,52% no período 1999-2003, mentres que no canto do emprego se produciu un incremento no número dos empregados dun 12,74%, pero ao mesmo tempo tamén se produciu unha perda de peso relativo no global do mercado do traballo de 1,23 puntos porcentuais.

Estas 23 empresas supoñen o 0,90% do censo de empresas industriais da área metropolitana, o que é significativo do pouco peso que ten a industria do concello dentro do contexto da área. Ademais se o comparamos co peso demográfico do concello, pódese observar como aínda é menor, posto que a poboación do concello supuña o 1,25% da poboación da AMV, no ano 2004.

Se analizamos a composición deste sector, podemos ver como as actividades se reparten en:

Actividade	Nº de empresas
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	2
Industria téxtil e da confección	7
Industria da madeira e da cortiza	5
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	5
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	4

Fonte: central de balances. IGE



Sendo as empresa que se dedican ao *téxtil e á confección* as que amosa un maior número, con 7 empresas. Seguida das que se dedican á *industria da madeira e as industrias doutros produtos minerais non metálicos* con 5 empresas, así como as empresas da *metalurxia e fabricación de produtos metálicos* que contan con 5 empresas. Por último, hai dúas empresas que desenvolven unha actividade relacionada coa alimentación, bebidas e tabaco.

As empresas que compoñen este sector teñen unha dimensión moi reducida posto que o 91,30% delas teñen menos de 9 empregados, podendo cualificarse como microempresas. O resto das empresas poden ser cualificadas como pequenas empresas posto que ningunha delas pasa dos 50 empregados. Ademais, ao fixarnos na forma xurídica das empresas, pódese ver cono as SL son as máis empregadas (60,87%) polo empresariado deste sector, seguida a bastante distancia polos autónomos (17,39%).

Construción


O sector da construción do concello de Soutomaior está composto por 50 empresas, que aglutinan ao 12,01% dos ocupados do concello e supoñen o 14,25% do censo empresarial. Este sector estivo a medrar nos últimos anos tanto en emprego como en número de empresas. En emprego o crecemento foi do 48,02% no período 1996-2001, mentres que o incremento do censo empresarial foi do 35,14% entre o ano 1999 e o 2003.

As empresas de Soutomaior que integran este sector dedícanse fundamentalmente a construción xeral de inmobles e a instalación de edificios e obras e teñen un tamaño bastante reducido, posto que o 92% non contrata máis de 9 empregados, podendo cualificarse como microempresas. En canto á forma xurídica, o 56% do empresariado da construción de Soutomaior está constituído como SL e un 14% de autónomos, o resto divídese entre SA, cooperativas e sociedades civís.

C) Sector terciario

O sector terciario engloba as actividades que utilizan distintas clases de equipos e de traballo humano para atender as demandas de transporte, comunicacións e actividades financeiras como a banca, a bolsa, os seguros, etc. Para estudar este sector ímolo subdividir en 5 subsectores: hostalería, comercio polo miúdo, comercio polo xunto, transporte e outros servizos (que inclúe actividades inmobiliarias, intermediación financeira, educación, sanidade e servizos prestados a comunidade).





Fonte: central de balances. IGE

Neste sector a actividade que conta cun maior número de empresas era no ano 2003 o comercio polo miúdo con 116 empresas, seguido doutros servizos(seguros, intermediación financeira, etc.) con 68, da hostalaría con 55, do comercio polo xunto con 25, e do transporte con 14.

En canto ao emprego, hai que dicir que no censo de poboación do 2001 a poboación ocupada nos servizos supuña o 56,06% do total, o que representa o primeiro sector de actividade do concello por volume de emprego. O emprego no sector experimentou un crecemento no período 1996-2001 tanto no número de ocupados como no seu peso relativo no mercado de traballo do concello, que supuxo un aumento do 22,81% no número de ocupados e de 2,12 puntos porcentuais na súa representación dentro mercado de traballo do concello.

Observando a evolución do sector en número de empresas, pódese ver como durante o período 1999-2003 o número de empresas experimentou un leve aumento, posto que pasou de 264 a 278 empresas, o que supón unha medra do 5,30%. Dentro do sector as subas producíronse no comercio polo miúdo (+16) e en outros servizos (+8), mentres que as baixadas se produciron nos transportes (-6) e no comercio polo xunto (-4). A hostalaría mantivo o número de empresas.

En canto ao tamaño das empresas do sector, pódese dicir que a maioría das empresas do sector son microempresas posto que o 97,84% non pasa dos 9 asalariados e o resto está no intervalo de 10 a 49 asalariados. Isto configura un panorama onde o autoemprego é a tónica dominante, posto que a forma xurídica que predomina é a de autónomo con 183 empresas, o que representa o 65,83% do total, mentres que para as sociedades limitadas, que é a outra forma elixida, existen 77 empresas.

Hostalaría

No subsector da hostalaría están recollidos os hoteis, pensións, cámpings, restaurantes, establecementos de bebidas (bares e cafeterías), así como os comedores colectivos. Este subsector integra a 55 empresas, o que supón o 19,78% do censo de empresas de servizos do concello e fai que



ocupe o terceiro posto por número de empresas. O número de empresas da hostalaría non variou no período, manténdose estancado nas 55 entidades.

As empresas de Soutomaior que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Hoteis	2
Cámping e outros tipos de hospedaxe de curta duración	1
Restaurantes	26
Establecementos de bebidas	25
Comedores colectivos e provisión de comidas preparadas	1

Fonte: central de balances. IGE

Dentro deste subsector son os restaurantes e os establecementos de bebidas os que teñen un peso fundamental, acollendo, entre os dous, ao 92,73% do empresariado hostaleiro de Soutomaior.

O tamaño que soen ter estas empresas é reducido posto que o 96,36% delas non pasa dos 9 asalariados, polo que se poden catalogar como microempresas. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 61,82% das mesmas están en mans de autónomos.

Comercio polo miúdo

O subsector do comercio polo miúdo engloba as actividades de venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor, comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, así como, a reparación de efectos persoais e utensilios domésticos.

O subsector ocupa o primeiro lugar en número de empresas e durante o período 1999-2003 estivo a gañar empresas, pasando de 100 a 116, o que supuxo unha medra do 16%, convertendo ao subsector no primeiro en crecemento tanto absoluto como relativo.

As empresas de Soutomaior que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:



Actividade	Nº de empresas
Venda de vehículos de motor	2
Mantemento e reparación de vehículos de motor	5
Venda de repostos e accesorios de vehículos de motor	2
Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	21
Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	20
Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene	2
Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	38
Comercio polo miúdo non realizado en establecementos	25
Reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	1

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que a totalidade das mesmas poden ser catalogadas como microempresas, posto que ningunha pasa dos 9 asalariados. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 77,59% teñen a consideración de autónomos, polo que se podería dicir que o autoemprego constitúe a característica básica deste subsector.

Comercio polo xunto

O subsector do comercio polo xunto engloba as actividades de intermediarios do comercio, comercio polo xunto de materias primas agrarias e de animais vivos, comercio polo xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco, comercio polo xunto de produtos de consumo, distintos dos alimenticios, comercio polo xunto de produtos non agrarios semielaborados, chatarra e produtos de refugallo, comercio polo xunto de maquinaria e equipo e outro comercio polo xunto.

O subsector ocupa o cuarto lugar en número de empresas e durante o período 1999-2003 estivo a minguar, pasando de 29 a 25, o que supuxo un retroceso do 13,79%.

As empresas de Soutomaior que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:



Actividade	Nº de empresas
Intermediarios do comercio	3
Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos	1
Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	12
Comercio por xunto de produtos de consumo, distintos dos alimenticios	5
Comercio por xunto de produtos non agrarios semielaborados, chatarra e produtos de refugallo	4

Fonte: central de balances. IGE

Neste subsector son as actividades relacionadas co comercio de produtos alimenticios, bebidas e tabaco as que teñen un maior peso, contando con 12 empresas. O resto está bastante repartido entre o comercio de produtos de consumo, produtos non agrarios semielaborados, intermediarios de comercio e o comercio de materias primas agrarias.

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que o 96% poden ser catalogadas como microempresas, posto que non pasa dos 9 asalariados e soamente hai unha empresa que ten entre 20 e 49 empregados.

As formas xurídicas empregadas no subsector están repartidas entre autónomos (48%) e sociedades limitadas (44%).

Transporte

O subsector do transporte engloba as actividades de transporte terrestre, transporte por tubos, transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores, transporte aéreo e espacial, actividades anexas aos transportes, actividades de axencias de viaxes, e actividades de correos e telecomunicacións. Este subsector conta con 14 empresas e mantivo unha senda descendente no censo empresarial durante o período 1999-2003, posto que pasou de 20 a 14 empresas, o que supuxo unha recesión do 30%.

As empresas de Soutomaior que compoñen este subsector no ano 2002 repártense nas seguintes actividades:



Actividade	Nº de empresas
Outros tipos de transporte terrestre	12
Manipulación e depósito de mercadorías	1
Outras actividades anexas aos transportes	1

Fonte: central de balances. IGE

As entidades que están dentro do grupo de outros transportes terrestres refírense a empresas que realizan transporte por estrada por medio de camiós ou tráileres, polo tanto estamos a falar de empresarios autónomos que teñen o seu propio vehículo e realizan traballos para outras empresas. Estes empresarios non soen contratar asalariados e, polo tanto, tratase dunha forma de autoemprego.

Outros servizos

O subsector de outros servizos engloba as actividades de intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais, educación, actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, así como actividades de prestación de servizos persoais.

Este subsector experimentou un aumento durante o período 1999-2003, posto que pasou de ter 60 a 68 empresas, o que supuxo unha ascenso do 13,33% e situou ao subsector no terceiro posto do sector servizos.

As empresas de Soutomaior que compoñen este subsector repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Actividades auxiliares da intermediación financeira	3
Actividades inmobiliarias	8
Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	2
Actividades informáticas	1
Outras actividades empresariais	32
Educación	5
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	4



Actividade	Nº de empresas
Actividades recreativas, culturais e deportivas	6
Actividades diversas de servizos persoais	7

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas, temos que dicir que 95,59% delas non pasa dos 9 asalariados, polo que se poden catalogar como microempresas. Ademais se nos fixamos na forma xurídica das mesmas, temos que o 52,94% son autónomos, o 39,7% son sociedades limitadas, mentres que o resto está repartido entre sociedades anónimas, cooperativas e sociedades civís.

8.3. Análise dunha actividade económica de Soutomaior: as empresas de restauración.

A hostalaría é sen dúbida a actividade máis destacable dentro do concello. Soutomaior é un lugar de tradición gastronómica e hostaleira, como o demostra o gran número de restaurantes que se concentran na localidade de Arcade. Neste locais os visitantes acoden ao reclamo dos produtos máis destacables do municipio como son, sen dúbida, as ostras e o marisco da Ría de Vigo.

O número de locais dedicados as actividades de restauración chega á cifra de 26, sendo a maior parte deles establecementos de un garfo, nos que se serven comidas. As tapas, as comidas caseiras, os mariscos e os peixes son as especialidades máis destacables destes establecementos, pero tamén se poden degustar carnes e grelladas.

O tamaño que adoitan ter estes establecementos non é moi grande, posto que a totalidade das empresas están catalogadas como microempresas, é dicir, ningunha pasa de 9 empregados asalariados, e ademais, a forma xurídica máis empregada é a de autónomo.

Entre todas as empresas dedicadas á hostalaría no concello de Soutomaior é de destacar o *Hotel Pousada do Castelo de Soutomaior* que situado no recinto do Castelo de Soutomaior realiza servizos que van desde a celebración de cerimonias e banquetes hasta o aloxamento e restauración.

O Castelo é unha antiga fortaleza do século XII, ampliada no século XV por D. Pedro Álvarez de Soutomaior, máis coñecido como "Pedro Madruga". No 1902 inaugurouse un edificio anexo ao castelo para Sanatorio-Hospital, edificio que actualmente alberga a Pousada, convertida en hotel de tres estrelas desde 1998. Na actualidade, o recinto conta cun importante xardín botánico inspirado no orixinal, con máis de cen variedades de camelias, castaños milenarios, árbores froiteiros e viñedos de Albariño.



9. TERCEIRO SECTOR

Segundo datos facilitados polo concello de Soutomaior, en xaneiro de 2006, o concello contaba con 26 asociacións inscritas no seu rexistro. Segundo a tipoloxía recollida no cadro, a maioría son “asociacións deportivas”, e “asociacións culturais”, contando con 11 e 10 respectivamente. Ademais hai 2 “asociacións de veciños” e 1 encadradas dentro da categoría de “Mulleres” e 1 na categoría de “Empresa, economía e emprego”.

Tipoloxía e número de asociacións non lucrativas en Soutomaior.
Ano 2006

Tipo de asociación	Nº de asociacións
Cultural	10
Mulleres	1
Veciños	2
Deportivas	11
Empresa, economía, emprego	1
TOTAL	26

Fonte: Concello de Soutomaior



10. DAFO XERAL DE SOUTOMAIOR

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Excesiva concentración da poboación preto da liña de costa, o que xera un certo desequilibrio territorial • Monocultivo forestal de especies traídas de fora (eucalipto e piñeiro) en detrimento das autóctonas, o que xera un aproveitamento pouco sostible dos recursos naturais • Escaso aproveitamento dos recursos patrimoniais • Falta de sensibilización da poboación local para a conservación dos bens naturais e patrimoniais do concello • Escasa sensibilidade do organismo municipal ante determinadas actuacións contra o medio ambiente • Insuficiencia dos equipamentos existentes e dos servizos sociais para a poboación moza e maior • Oferta hoteleira escasa e de baixa calidade • Escasa infraestrutura náutico-deportiva que limita a oferta de actividades deste sector • Excesiva concentración da inversión turística no contorno do Castelo de Soutomaior, descoidando outros recursos susceptibles de aproveitamento. • Falta dun planeamento urbanístico que regule e oriente de forma ordenada o crecemento do territorio • Avellentamento continuo de poboación e caída da natalidade • Falta de atractivos para a fixación da poboación nova (actividade laboral, servizos, accesibilidade á vivenda) • Alta taxa de analfabetismo, con especial incidencia entre as mulleres • Baixo nivel formativo da poboación en xeral, con maior incidencia no colectivo feminino • Existencia dun importante número de vivendas baleiras • Escaso número de vivendas en alugueiro • A poboación local identifica como principais problemas a escaseza de zonas verdes, a falta de limpeza nas rúas e as malas comunicacións • Excesiva dependencia do sector servizos • Altas taxas de temporalidade e estacionalidade no emprego 	<ul style="list-style-type: none"> • A presión demográfica que exerce a cidade de Vigo e a súa área metropolitana máis próxima • Explotación irracional dos recursos forestais e aumento dos incendios • Dependencia de empresas foráneas para a explotación dos recursos forestais • Impacto negativo na construción de infraestruturas viarias • Experiencias urbanísticas especulativas na franxa costeira levadas a cabo en concellos próximos que poidan afectar ao de Soutomaior • Inexistencia de medidas por parte das administracións que favorezan a fixación de poboación nova no rural • Maior competitividade no sector turístico que leva consigo un aumento das exixencias por parte dos visitantes en temas de aloxamento, restauración e servizos públicos e de ocio e lecer • Descoordinación entre administracións competentes en materia de turismo (Xunta-Deputación-Concello) • Falta dunha visión de Mancomunidade que leve a desenvolver actuacións conxuntas entre os diferentes concellos en temas relacionados co transporte, turismo, ordenación do territorio, oferta de servizos, etc.



<ul style="list-style-type: none"> • Escasas oportunidades de emprego para as mulleres que se ven relegadas a traballos precarios e de baixa remuneración no sector servizos • Avellentamento e abandono das actividades agrogandeiras sen que haxa relevo xeracional que determina unha baixa porcentaxe de ocupados no sector • Baixo nivel de renda dos residentes • Tamaño reducido das explotacións e empresas • Existencia dun mercado minifundismo e de pequenas producións hortofrutícolas orientadas cara o autoconsumo • Minifundismo e dispersión das zonas de viñedo que afectan á súa produción e rendibilidade • Inexistencia de empresas locais dedicadas á transformación dos recursos forestais • Minifundismo nas explotacións forestais que pode facer difícil a rendibilidade destas • Falta de profesionalización no sector hostaleiro • Falta de profesionalización na xestión das comunidades de montes • Desaproveitamento das axudas en materia de promoción do emprego e desenvolvemento local • Insuficiencia de persoal técnico estable dedicado ás tarefas de desenvolvemento local 	
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Proximidade a núcleos urbanos de elevada densidade demográfica dentro da provincia de Pontevedra • Características climáticas favorables para a práctica dunha agricultura intensiva • Existencia de grandes superficies forestais • Conservación de especies forestais autóctonas nas marxes dos cursos fluviais • Existencia de espazos naturais protexidos como son a Enseada de San Simón e as Ribeiras do Verdugo • Importante rede hidrográfica cunha boa calidade das augas así como un rico valor ecolóxico, natural e etnográfico (ríos Oitaven e Verdugo) • Existencia dunha intensa rede de camiños e pistas de monte desaproveitadas para uso de actividades de contacto coa natureza 	<ul style="list-style-type: none"> • Posibilidade de converterse nunha zona residencial da área de Vigo • Integración na futura Área Metropolitana de Vigo • Proximidade de mercados importantes, como son o de Vigo e Pontevedra, para o abastecemento de produtos agrarios • Diversificación da oferta turística da área metropolitana, centrada basicamente no turismo vinculado ao mar, ofrecendo espazos naturais con recursos etnográficos de interese • Existencia de Leis para garantir, conservar e velar pola defensa do patrimonio etnográfico, arqueolóxico e natural • Cambio na orientación das políticas desenvolvidas na Administración Autonómica primando as relacionadas co desenvolvemento rural sostible



- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Existencia de recursos patrimoniais ben conservados e de especial interese cultural e arqueolóxico (castelo, muiños, pontes, casas e igrexas) • Existencia dun recurso turístico consagrado e de referencia na provincia como é o castelo de Soutomaior • Celebración da Festa da Ostra en Arcade, con gran recoñecemento a nivel autonómico e declarada de Interese Turístico • Importante oferta gastronómica e enolóxica, (ostras, mariscos, viño albariño, ...) • Abundante oferta de restauración • Posibilidade de realización de turismo mixto: turismo de sol e praia e turismo verde • Presenza dun tramo do camiño de Santiago que discorre pola parroquia de Arcade • Proximidade a zonas de importante atracción turística • Existencia de servizos turísticos incipientes dende o concello • Saldo vexetativo positivo • Baixa densidade demográfica en xeral fronte a outras áreas máis urbanizadas • Saldo migratorio positivo no último ano como resultado dun descenso da emigración e un aumento da inmigración • Elevado número de vivendas baleiras que poden ser aproveitadas como aloxamentos temporais na época estival para dar acollida a un maior número de visitantes • Existencia de zonas de cultivo de viñedo que están dentro da denominación de orixe Rías Baixas • Aumento do número de empresas • Importante número de empresas do sector téxtil e da restauración • Existencia de proxectos de mellora das vías de comunicación que o comunican con outros puntos da provincia • Importante número de asociacións veciñais e deportivas • Sensación de seguridade e tranquilidade por parte da poboación local • Existencia de programas de desenvolvemento rural PRODER II • Existencia do proxecto CONTA CON ELAS da MAIV dirixido a mellorar a inserción laboral da muller | <ul style="list-style-type: none"> • Existencia de políticas públicas que favorecen a inserción laboral de mulleres • Existencia de políticas autonómicas e plans de fomento do autoemprego a nivel local, a través de cursos de formación e axudas para creación da propia empresa • Posibilidade de que se leven a cabo actuacións que favorezan o uso de terras abandonadas para favorecer a fixación da poboación moza e a posta en marcha de explotacións viables • Saturación urbanística costeira noutras áreas próximas • Existencia de políticas autonómicas que promoven a revitalización de zonas comerciais urbanas • Existencia de políticas autonómicas de conciliación da vida familiar e laboral • Existencia de políticas autonómicas e plans de fomento do autoemprego a nivel local, a través de cursos de formación e axudas para creación da propia empresa |
|--|---|



11. PROPOSTAS E ACTUACIÓNS

1. Recuperación e mellora das ribeiras do río Verdugo e Oitavén con especies autóctonas
2. Planificación, a través dos plans de ordenación do monte e a profesionalización das comunidades de montes, para un aproveitamento sustentábel dos recursos forestais, a rexeneración das áreas degradadas polos incendios forestais e a actuación humana, a repoboación e substitución das especies arbóreas foráneas por especies autóctonas, con especial incidencia nas áreas de especial interese natural
3. Creación de postos de observación das aves que se atopan na enseada de San Simón
4. Acondicionamento de zonas nos ríos Verdugo e Oitavén para a práctica de deportes acuáticos (kaiak, rafting, ...), así como de zonas de baño e áreas recreativas, así como a recuperación da ponte colgante do Oitavén co fin de dar máis atractivo ao contorno
5. Realización dunha campaña de sensibilización dirixida á poboación local para promover a revalorización dos recursos propios
6. Sinalización dos recursos de especial interese patrimonial e natural
7. Mellora da conservación do patrimonio cultural e etnográfico e integración do mesmo como complemento das actividades que ofrece o Castelo de Soutomaior de cara á diversificación da oferta turística do concello
8. Creación dun albergue de peregrinos para as persoas que fan o tramo do camiño portugués
9. Aproveitamento e recuperación da intensa rede de camiños e pistas para a creación de sendeiros naturais que comuniquen os diferentes recursos
10. Dinamización das instalacións e servizos que ofrece o Castelo de Soutomaior de cara a desenvolver diferente tipo de actividades, tales como:
 - a. Realización de cursos de verán en coordinación coas universidades galegas
 - b. Promoción do castelo como lugar para a promoción dun turismo de congresos
 - c. Promoción do castelo para a realización de actos culturais como, exposicións, teatro, concertos, etc.
 - d. Promoción do Castelo e dos seus exteriores como escenario para o rodaxe de películas de época
 - e. Aproveitamento das salas do Castelo para a instalación dunha exposición permanente sobre acontecementos históricos desenvolto no concello (revoltas Irmandiñas, batalla da Ponte Sampaio...)
 - f. Maior difusión dos servizos de restauración e hospedaxe do castelo a través da realización de xornadas gastronómicas de produtos obtidos a través da caza e pesca



11. Creación de material de difusión e dunha campaña de promoción dos recursos do territorio, con especial incidencia na utilización de novas tecnoloxías (internet, asistencia a feiras, etc.)
12. Promoción das festas gastronómicas locais cunha maior implicación do sector hostaleiro, tanto na planificación como no desenvolvemento das mesmas
13. Estudo de necesidades para a implantación de servizos sociais para a infancia, poboación maior, etc.
14. Establecemento de servizos de información e asesoramento dirixidos á poboación inmigrante e aos emigrantes retornados
15. Recuperación e rehabilitación das vivendas de especial interese arquitectónico (casa grande da Pedreira) e próximas a algún tipo de recurso para o deseño de produtos turísticos e creación de infraestruturas hoteleiras (casas rurais, hoteis con encanto, etc.)
16. Posta en marcha de foros de participación cidadán que constitúan unha canle de comunicación entre a cidadanía e os poderes políticos de cara a recoller as inquedanzas e propostas da poboación e que poidan aportar solucións ás problemáticas veciñais
17. Estudo da viabilidade de pór en marcha unha “rede de vivendas rurais” nas que se dea a posibilidade de facer acollementos para mozos e mozas
18. Establecemento de políticas que faciliten o acceso á vivenda en propiedade ou alugueiro á xente moza
19. Creación dunha liña de axudas para a reconstrución e rehabilitación das vivendas tradicionais, respectando a tipoloxía da súa edificación
20. Establecer programas formativos e de emprego nos que a poboación feminina sexa a principal beneficiaria das accións
21. Análise das necesidades das carencias de formación na man de obra en relación coas demandas do empresariado local para o desenvolvemento de accións formativas en cooperación coas asociacións empresariais e sindicatos
22. Incentivar ás empresas cara unha maior estabilidade no emprego mediante a información e promoción das medidas de promoción de emprego estable
23. Desenvolvemento da concentración parcelaria para favorecer a posta en marcha de explotacións máis viables segundo o mercado actual co fin de evitar a degradación dos solos agrarios
24. Fomento do cooperativismo dentro do sector vitivinícola e hortofructícola para aumentar a produción e a súa rendibilidade



25. Creación dun banco de terras que favoreza o acceso a elas ás persoas que desexen desenvolver novas iniciativas agrogandeiras
26. Potenciación dos cultivos horticolas, que se ven favorecidos, non só polas condicións climáticas, senón tamén pola súa posición estratéxica nun espazo a medio camiño entre as áreas de influencia das cidades de Pontevedra e Vigo, podendo orientar a produción ao abastecemento dos mercados destas
27. Realización de campañas de promoción dos produtos locais (viño, ostra, ...) que lle possibiliten a saída a novos mercados e polo tanto permitan un incremento da produción e dos ingresos do sector
28. Contratación de persoal técnico para a realización de labores de promoción económica e orientación laboral
29. Creación dun programa de xestión municipal para fomentar o aproveitamento dos recursos forestais, que actualmente se atopan reducidos á explotación madeireira
30. Análise das necesidades formativas do sector hostaleiro para deseñar e desenvolver accións formativas que permitan unha maior profesionalización e unha mellora do servizo
31. Creación dun selo de calidade e distintivo dentro das actividades vinculadas ao desenvolvemento do turismo local (actividades de ocio e cultura, restauración, comercio, etc.)
32. Contar cun grupo organizado e estable durante todo o ano de persoas formadas e capacitadas para levar a cabo medidas de prevención e extinción de incendios forestais
33. Fomento das actividades e oficios artesanais como unha actividade alternativa de emprego para a poboación moza a través da creación ou recuperación de obradoiros
34. Reorientación das explotacións agrogandeiras cara o mercado a través de concentración das terras, fomento do cooperativismo e orientación das producións cara o mercado para favorecer o relevo xeracional no campo
35. Elaboración dun diagnóstico sobre a situación do sector téxtil no concello de cara a estudar a posibilidade de mellorar a cualificación da man de obra e potenciar a súa profesionalización
36. Fortalecemento do movemento asociativo a través da creación de foros de discusión entre o Concello e as distintas Asociacións



37. Potenciar a recuperación do folclore feito polas distintas Asociacións apoiándoos a través das diferentes medidas:
- a. Organización de diferentes certames
 - b. Cesión de locais para a realización das súas actividades
 - c. Apoio económico para o mellor desenvolvemento das actividades

